

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 3 de agosto de 2017

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D. Angel Rivas González.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. David Regades Fernández
D. Carlos López Font
D^a. Olga Alonso Suárez

Invitados

D^a. Angeles Marra Domínguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e dez minutos do día tres de agosto de dous mil dezasete e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e a interventora xeral adxunta, Sr. Gómez Corbal.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(810).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(811).- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A MERCANTIL AVANZA SPAIN S.A., PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS DE PROMOCIÓN DAS ILLAS CÍES COMO CANDIDATA A PATRIMONIO MUNDIAL UNESCO. EXPTE. 15230/101.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico e o informe de fiscalización, ambos de data 2/08/17, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola xefa de Fomento do Emprego e o concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data 21.07.2017 a mercantil AVANZA SPAIN, SA., rexistrou no Concello de Vigo unha proposta de colaboración co Concello de Vigo, co obxecto de desenvolver accións de promoción e divulgación da candidatura das Illas Cíes como Patrimonio Mundial UNESCO.

Segundo.- I.- Con data 22.07.2017 o Concelleiro delegado de Xestión Municipal ordena iniciar expediente para a tramitación dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a empresa AVANZA SPAIN, SA., co obxecto de articular as bases da colaboración proposta pola empresa a prol da candidatura das Illas Cíes como Patrimonio Mundial.

II.- Na parte dispositiva da devandita orde de servizo sinálase que procede “incoar expediente administrativo para a sinatura dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a empresa AVANZA SPAIN, SA., para establecer as bases da colaboración entre ambas entidades no proceso de candidatura das Illas Cíes como Patrimonio Mundial UNESCO, designando como instrutora do expediente administrativo á funcionaria municipal D^a Yolanda Aguiar Castro, segundo as funcións que ostenta de dirección e apoio institucional á Alcaldía (acordo Xunta de Goberno Local 09/06/2017).”

III. Na dita encomenda de funcións á funcionaria sinalada, atópanse, entre outras, a de dirección do proxecto de candidatura das Illas Cíes como Patrimonio Mundial.

Segundo.- Proxecto de candidatura das Illas Cíes como Patrimonio Mundial Natural UNESCO

O Concello de Vigo, convencido de que as Illas Cíes reúnen as características que a Convención de Nacións Unidas esixe para ser considerado un Valor Universal Excepcional (VUE), comezou a partir do ano 2012 a execución dun programa de actuacións de carácter transversal, que afectou a todas as áreas de goberno, co propósito de promover a candidatura das Illas Cíes para que sexan declaradas Patrimonio Mundial Natural de UNESCO.

O dito programa estruturouse sobre tres eixos básicos:

- Actuacións de conservación e preservación do ben.
- Actividades, programas formativos e iniciativas para sensibilizar e concienciar sobre a importancia da súa promoción turística e medio ambiental sostible.
- Campañas de adhesión e creación de masa crítica en apoio da candidatura, co obxecto de acadar o máximo consenso posible e a máxima implicación e participación da cidadanía; requisito indispensable esixido por UNESCO.

Despois de máis de catro anos de traballo neste sentido, desenvolvendo un extenso programa de actividades, constátase que o os tres obxectivos primordiais propostos se teñen acadada e consolidado suficientemente e, polo tanto, é agora o momento de comenzo a tramitación formal do expediente da candidatura.

Con este obxecto elaborouse pola equipa de coordinación do proxecto dependente da Alcaldía un informe preparatorio da candidatura, así como una folla de ruta das accións que deberán acometerse de agora en adiante para a redacción do informe técnico definitivo da candidatura.

Xunto co informe preparatorio, a Xefatura de Fomento do Emprego, en funcións de Dirección e Apoio Institucional á Alcaldía e, concretamente, en funcións de dirección do proxecto de candidatura das Illas Cíes como Patrimonio Mundial, e co conforme do Concelleiro Delegado da Área de Xestión Municipal, redacta “**MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A MERCANTIL AVANZA SPAIN, SA., PARA A PROMOCIÓN E DIVULGACIÓN DA CANDIDATURA DAS ILLAS CÍES COMO PATRIMONIO MUNDIAL NATURAL UNESCO**”, xuntando borrador do convenio, cuxo obxecto é artellar o réxime de colaboración entre o Concello de Vigo e a empresa citada para desenvolver diversas accións de promoción e posta en valor das Illas Cíes como candidatas a Patrimonio Mundial, cumprindo o mandato da Convención UNESCO de elaborar unha candidatura participativa, co máximo consenso e colaboración entre institucións e entidades, así como cunha masa crítica potente e sensibilizada.

Na memoria xustificativa especificase en qué consistirá a dita colaboración entre o Concello de Vigo e a empresa AVANZA SPAIN, SA., así como que a cooperación mutua non suporá ningún gasto para a administración local e que esta non adquire ningún compromiso financeiro.

O obxecto principal do convenio de colaboración é o de facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, mellorando a eficiencia da xestión pública e facilitando a realización de actividades de utilidade e interese público.

Con estes antecedentes, procédese á redacción do convenio reitor da colaboración entre o Concello de Vigo e a Universidade de Vigo para impulsar a candidatura das Illas Cíes como Patrimonio Mundial UNESCO, cuxa aprobación se propón.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1.- Lexislación aplicable

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público
- Lei 19/2013, do 9 de decembro de transparencia, acceso á información pública e bo goberno
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia
- Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local
- RDL 781/1996, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- RDL 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público
- Decreto 7/2010, do 14 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos da Universidade de Vigo

2.- Competencia municipal

O artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL) establece que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

Asemade, o artigo 25.2. h) da Lei 7/1985, reguladora das Bases de Réxime Local atribúe ás administracións locais competencia en materia de información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local. Asemade a Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, no seu artigo 80.2. n) regula como unha competencia local a xestión de actividades culturais e a ocupación do tempo libre e o turismo.

A competencia municipal xustifícase en que o art. 25 LRBRL, remite a unha lei específica para determinar a competencia municipal propia, garantindo, segundo o punto quinto do dito artigo, que non hai unha atribución simultánea da mesma competencia a outra administración pública.

A Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, dispón que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da citada Lei (este é o caso, en canto o artigo 80.2 da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, atribúe aos concellos como competencia propia na letra "n", a xestión de actividades culturais e de ocupación do tempo libre e o turismo), continuarán exercéndoas elas, rexíndose pola indicada lexislación.

3. Convenio regulador

Segundo o artigo 47.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, o convenio é o instrumento con efectos xurídicos que asinan as administracións públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público ou as universidades públicas entre sí ou con suxeitos de dereito privado para a consecución dun fin común.

Asemade o artigo 47.2 a) da citada Lei prevé como un tipo de convenio aqueles que se asinen entre dúas ou máis administracións públicas, ou ben entre dous ou máis organismos públicos ou entidades de dereito público vinculados ou dependentes de distintas administracións públicas e que poderán incluír a utilización de medios, servizos e recursos doutra administración pública, organismo público ou entidade de dereito público vinculados ou dependentes, para o exercicio de competencias propias ou delegadas.

En canto ao seu contido, o convenio axústase ao previsto no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público, en canto á definición dos suxeitos que interveñen, ao obxecto do mesmo, así como respecto das actuacións a realizar por cada unha das partes.

Queda, así mesmo, acreditado o prazo de vixencia do mesmo, así como a inexistencia de impacto económico para a administración local, xa que non se adquiren obrigas nin compromisos de carácter económico. As actuacións que se contemplan no convenio e que se prevén executar en favor da candidatura das Illas Cíes non teñen carácter contractual.

O convenio ten a natureza dos previstos no artigo 4.1. d) do Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, polo que queda fóra do seu ámbito de aplicación.

Por outra parte, o interese xeral e a conveniencia e oportunidade na concertación do convenio, recóllese na Memoria Xustificativa do mesmo, documento obrigado segundo establece o art. 50.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Trataríase de impulsar e reforzar a candidatura das Illas Cíes como Patrimonio Mundial UNESCO, un recoñecemento internacional de enorme prestixio e transcendencia, que contribuirá á posta en valor e á promoción das Illas Cíes como un ben natural cun Valor Universal Excepcional (VUE). Ambas entidades expresan o seu compromiso de establecer unha colaboración a prol da candidatura das Illas Cíes como Patrimonio Mundial UNESCO, de interese xeral.

En canto á necesidade e a oportunidade de que se estableza a dita colaboración coa empresa AVANZA SPAIN, SA., quedan reflectidas na Memoria Xustificativa. Trátase dunha empresa de ámbito nacional, referente no sector, adicada á prestación de servizos de transporte terrestre de viaxeiros por carreteira, co obxectivo principal de prestar servizos de calidade que resolvan as necesidades de mobilidade nas comunidades nas que desenvolve a súa actividade. Está conformada, entre outras, polas seguintes empresas: Víguesa de Transportes, SL.-Vitrassa, Auto Res e a Estación Sur de Autobuses de Madrid. Concretamente, Víguesa de Transporte, SL, Vitrassa, parte do grupo empresarial, é unha empresa cun importante arraigo na cidade de Vigo, formando parte do tecido socio-económico da área. A difusión, promoción e divulgación da candidatura adquirirá visibilidade de alcance nacional, xa que o citado grupo de empresas pon a disposición a flota que realiza a ruta Vigo-Madrid para a promoción do proxecto.

4. Obrigas económicas e compromisos financeiros

O artigo 49 d) da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público establece que os convenios deberán conter as "obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, se os houbera, indicando a distribución temporal por

anualidades e a súa imputación concreta ao presuposto correspondente de acordo co previsto na lexislación presupostaria”.

Na Memoria Xustificativa do convenio determínase que a colaboración entre o Concello de Vigo e maila empresa AVANZA SPAIN, SA., no ámbito das actuacións específicas que se recollen no convenio, non suporá ningún gasto para a administración local e que esta non adquire ningún compromiso financeiro.

Asemade, o pacto terceiro do convenio de colaboración establece que “a empresa AVANZA asumirá a integridade dos custos, se os houbera, que se deriven das accións propostas”.

5. Publicidade

Darase ao presente acordo de colaboración a publicidade esixida polo artigo 8.1.b) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, con mención das partes asinantes, o seu obxecto e prazo de duración, así como as obrigas dimanantes para as partes.

6. Competencia

Constan no expediente de aprobación do convenio os documentos necesarios para a súa tramitación: orde de incoación do expediente, memoria xustificativa da oportunidade e necesidade do convenio e texto do mesmo.

Por todo o exposto e, previa emisión dos informes preceptivos, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar o texto do convenio que rexerá entre o Concello de Vigo e a empresa AVANZA SPAIN, SA., , co obxecto de desenvolver accións de promoción e divulgación da candidatura das Illas Cíes a Patrimonio Mundial UNESCO; texto que se incorpora como anexo á presente proposta de acordo.

SEGUNDO: Publicar o convenio na sede electrónica do Concello de Vigo, nos termos establecidos no artigo 8.1.b) da Lei 19/2013, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A MERCANTIL AVANZA SPAIN, SA., PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS DE PROMOCIÓN DAS ILLAS CÍES COMO CANDIDATA A PATRIMONIO MUNDIAL UNESCO

Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, Alcalde de Vigo, designado na sesión do Pleno da Corporación do día 13 de xuño de 2015, e que actúa en representación do Concello de acordo aos artigo 124.4 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local (en adiante LRBRL) e o artigo 61.1 a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (en adiante LALGA).

Doutra parte, D. Valentín Alonso Soroa, Director Xeral da empresa AVANZA SPAIN, SA., en virtude dos poderes que lle foron outorgados por acordo do Consello de Administración da dita empresa de data 28 de febreiro de 2017, protocolizado ante notario mediante escritura pública o 8 de marzo de 2017 e inscrito no Rexistro Mercantil de Madrid o 16 de marzo de 2017, Tomo 34703, Libro 0, Folio 55, Sección 8, Folla M 426267, Inscripción 65.

Ambas partes recoñécense mutuamente capacidade legal suficiente para subscribir o outorgamento do presente convenio e

EXPOÑEN

I. *Os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, segundo o previsto no artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL).*

O artigo 25.2. h) da Lei 7/1985, reguladora das Bases de Réxime Local atribúe ás administracións locais competencia en materia de información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local. Asemade a Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, no seu artigo 80.2. n) regula como unha competencia local a xestión de actividades culturais e a ocupación do tempo libre e o turismo.

A Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, dispón que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da citada Lei (este é o caso, en canto o artigo 80.2 da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, atribúe aos concellos como competencia propia na letra "n", a xestión de actividades culturais e de ocupación do tempo libre e o turismo), continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación.

II. *Pola súa parte, AVANZA Spain, SA., en adiante AVANZA, é unha empresa adicada á prestación de servizos de transporte terrestre de viaxeiros por carreteira, co obxectivo principal de prestar servizos de calidade que resolvan as necesidades de mobilidade nas comunidades nas que desenvolve a súa actividade. Está conformada, entre outras, polas seguintes empresas: Viguera de Transportes, SL.- Vitrassa, Auto Res e a Estación Sur de Autobuses de Madrid.*

III. *O Concello de Vigo na súa aposta e compromiso pola conservación, protección e promoción turística e medio ambiental sostible das Illas Cíes, que se atopan no termo municipal de Vigo, promove e lidera a proposta de candidatura do arquipélago como Patrimonio Mundial Natural UNESCO.*

A inscrición deste ben na Lista de Patrimonio Mundial presenta, entre outras moitas, as seguintes vantaxes:

- Confírelle á comunidade local a posibilidade de celebrar o ben como un dos sitios naturais máis importantes do mundo, coa promoción que iso supón para un dos principais símbolos da cidade de Vigo.*
- Converte o ben nun emblema para a rede nacional de áreas e sitios protexidos, propiciando un maior e mellor recoñecemento e unha mellor protección do patrimonio natural.*
- Estimula a cooperación de todas as administracións en favor da protección do ben.*
- Ofrece a posibilidade de mobilizar fondos e apoio para a conservación e preservación do ben, especialmente, do Fondo Patrimonio Mundial.*
- Permite difundir técnicas e prácticas de protección, conservación e xestión do ben.*

Nesta firme aposta, dende o Concello de Vigo trabállase formalmente dende o ano 2013 no deseño e desenvolvemento dunha estratexia de candidatura, cun enfoque fortemente participativo.

A estratexia artéllase en tres liñas de traballo fundamentais, baixo as que se agrupan diversas accións que foron deseñadas para a súa posta en marcha no período temporal que, finalmente, ocupe esta iniciativa e que pretende culminar coa inscrición das Illas Cíes como Ben Patrimonio Mundial Natural UNESCO.

Os tres eixos da estratexia de candidatura nesta fase, seguindo as Directrices Prácticas para a aplicación da Convención UNESCO, son as seguintes:

- **Coordinación e colaboración institucional:** co ánimo de conseguir o recoñecemento, implicación e traballo colaborativo entre institucións e representantes políticos do ámbito local, rexional, nacional e internacional, que reforcen e posicionen a candidatura das Illas Cíes.
- **Divulgación e busca de apoios á candidatura:** é preciso conseguir o maior número de apoios, implicacións e participación activa da sociedade e do ámbito empresarial, académico, científico, institucional a prol da candidatura.
- **Reforzo científico-técnico do expediente de candidatura:** ao longo de todo o proceso de candidatura levaranse a cabo accións que proporcionen á candidatura o requirido vigor científico, baixo o que quede perfectamente xustificado o cumprimento dos criterios específicos UNESCO cos que se pretende concorrer.

IV. É importante contar ao longo do proceso de candidatura coa participación e implicación dos axentes económicos, sociais e da sociedade civil, de xeito que se poida acadar a máxima coordinación e colaboración institucional, así como apoios e adhesións no ámbito empresarial, académico, científico, etc. , de modo que se difundan os extraordinarios valores das Illas Cíes.

V. O presente convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a empresa AVANZA enmárcase na necesidade de traballar conxuntamente no desenvolvemento das accións incluídas nos puntos 1 e 2 das liñas de traballo da candidatura.

VI. A empresa AVANZA, propón ao Concello de Vigo o desenvolvemento dunha serie de accións divulgativas e de promoción das Illas Cíes como candidata a Patrimonio Mundial, que se concretan nos pactos do presente convenio.

VII. As administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas de acordo co disposto no artigo 4.1.d) do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, sempre que o seu obxecto non estea comprendido nos contratos regulados nesta Lei ou en contratos administrativos especiais.

VIII. O convenio de colaboración é un instrumento dos que, con carácter xeral e de acordo cos artigos 47.1 LRXSP, 111 TRRL e 4.1.d) e 25 TRLCSP -no referente ás entidades locais especificamente- poden celebrar as administracións públicas con persoas xurídicas privadas, co obxecto de satisfacer os intereses públicos que teñan encomendados.

O artigo 47.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público establece que las administracións poderán subscribir acordos con efectos xurídicos con suxeitos de dereito privado para o desenvolvemento dun fin común.

IX. Ambas partes consideran que a candidatura das Illas Cíes como Patrimonio Mundial ten un interese público e social, tanto por ser liderado polo Concello de Vigo, onde se atopan as illas, como polo enfoque dado ao proxecto, que conxuga o obxectivo de promoción e conservación do ben co desenvolvemento turístico e medioambiental sostible.

X. O Concello de Vigo e AVANZA consideran que a inscrición na Lista de Patrimonio Mundial terá numerosos efectos positivos para o ben en concreto e para a cidade de Vigo e a súa contorna, sumando valor engadido á toda a Eurorrexión e conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da colaboración antedita con arranxo aos seguintes

PACTOS

PRIMEIRO.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto o desenvolvemento de accións de difusión, divulgación e promoción das Illas Cíes como candidata a Patrimonio Mundial, contribuíndo con recursos propios de ambas entidades a unha mellor promoción exterior dos extraordinarios valores do patrimonio natural do arquipélago.

SEGUNDO.- Obrigas das partes

AVANZA comprométese a:

- *Poñer a disposición do Concello de Vigo dous autobuses interurbanos que cobren a liña Vigo-Madrid, rotulados de forma integral coa imaxe das Illas Cíes e o lema "Illas Cíes: Obxectivo Patrimonio da Humanidade"*
- *Emitir o vídeo promocional da candidatura nas pantallas interiores de todos os autobuses que realizan a dita ruta Vigo-Madrid.*
- *Instalar imaxes promocionais das Illas e da candidatura nos asentos de todos os autobuses que fan a ruta Vigo-Madrid*
- *Rotular de forma integral con imaxes das Illas Cíes o túnel que comunica a Estación Sur de Madrid co metro e co tren de proximidade.*

O Concello de Vigo comprométese a:

- *Poñer a disposición da empresa AVANZA todo o arquivo gráfico sobre as Illas Cíes do que é titular o Concello de Vigo, co único fin de dar cumprimento ao obxecto do presente convenio.*
- *Poñer a disposición da empresa AVANZA todo o material documental de carácter promocional sobre as Illas Cíes do que é titular o Concello de Vigo, co único fin de dar cumprimento ao obxecto do presente convenio.*

TERCEIRO.- Obrigas e compromisos económicos

A colaboración entre o Concello de Vigo e a empresa AVANZA, non suporá ningún gasto para o Concello de Vigo. O obxecto principal do convenio de colaboración é o de facilitar a utilización conxunta de medios e servizos de ambas entidades, mellorando a eficiencia da xestión pública e facilitando a realización de actividades de interese público.

O Concello de Vigo non adquire ningún compromiso de carácter económico. Asemade, as actuacións que se contemplan no convenio e que se prevén executar en favor da candidatura das Illas Cíes non teñen carácter contractual.

Pola súa parte, a empresa AVANZA asumirá a integridade dos custos, se os houbera, que se deriven da execución das accións propostas.

CUARTO.- Vixencia

As actuacións contempladas no presente convenio terán unha vixencia de 2 meses. Cumprido o dito prazo, as partes poderán acordar a súa continuidade, modificación ou substitución, sempre dentro dos límites que establece a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

QUINTO.- Seguimento, vixilancia e control de execución do convenio

Ademais das obrigas específicas de ambas entidades, o Concello de Vigo e a mercantil AVANZA traballarán de modo coordinado en todas as actuacións necesarias para xerar os contidos das propostas de divulgación previstas neste convenio. Calquera material divulgativo que se xere en cumprimento do presente convenio deberá contar coa aprobación da dirección do proxecto de candidatura.

Crearase unha comisión de seguimento co obxecto de supervisar a execución das accións, a súa evolución, analizar o seu impacto, realizar propostas e propoñer alternativas para dar continuidade aos compromisos adquiridos no convenio.

A Comisión será a encargada de determinar e impulsar as accións específicas que permitan a máxima colaboración entre ambas institucións, cos obxectivos xa indicados.

A comisión estará composta por dous membros, un será designado polo Concello de Vigo e, outro, por AVANZA.

A dita Comisión poderá actuar ben mediante reunións presenciais, elevándose as correspondentes actas, ou polos medios telemáticos e/ou electrónicos oportunos.

SEXTO.- Réxime xurídico e xurisdición

O presente convenio ten natureza administrativa, dos previstos no artigo 4.1. d) do Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, polo que queda fóra do seu ámbito de aplicación.

Este convenio de colaboración rexerese polas súas propias cláusulas e, supletoriamente, polas normas xerais do dereito administrativo.

As cuestións litixiosas a que poida dar lugar a interpretación, modificación, efectos ou resolución do contido do presente convenio específico de colaboración que non foran resoltas pola comisión de seguimento prevista no pacto quinto do convenio, someteranse á xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da citada xurisdición.

SÉTIMO.- Extinción

O incumprimento de calquera das cláusulas do convenio poderá ser denunciado polas partes e, en todo caso, poderá resolverse por calquera das causas previstas no artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

Así, de conformidade con canto antecede e en exercicio das facultades de que son titulares cada un dos asinantes, subscriben este convenio, por triplicado, na data que encabeza.

3(812).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE DECORACIÓN LUMINOSA DO NADAL. EXPTE. 4.384/106.

Visto o informe de fiscalización de data 3/08/17, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 2 de agosto de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de decoración luminosa do nadal (4.384-106)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)

- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos de decoración luminosa do nadal (4.384-106)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 13 de xullo de 2017, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de decoración luminosa do nadal, para persoas con mobilidade reducida en dous areas do concello de Vigo na seguinte orde descendente:

	LICITADOR	TOTAL
1	ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S.A.	88,6
2	CREACIONES LUMINOSAS, S.L.	35,35

Segundo.- *Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
3. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 20 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
4. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares”*

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S.A., o día 17 de xullo de 2017, que presenta a documentación requirida o 20 de xullo de 2017, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 2 de agosto de 2017 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarse aos licitadores e, simultaneamente, publicarse no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 23 de xuño e 10 de xullo de 2017, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S.A., o procedemento aberto para a contratación dos servizos de decoración luminosa do Nadal por un prezo total do contrato é de 636.609,73 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 110.485,99 euros e coas seguintes melloras:

- 1. Incremento da altura da árbore a instalar na Porta do Sol: 5 m.*
- 2. Incorporación musical ao sistema luminotécnico da árbore do Nadal*
- 3. Incremento do número de motivos en relación cos incluídos no anexo II do PPT na cantidade de 80 unidades, coa seguinte distribución:*

<i>MOT-09</i>	<i>16</i>
<i>MOT-57</i>	<i>16</i>
<i>MOT-49</i>	<i>12</i>
<i>MOT-11</i>	<i>12</i>
<i>MOT-23</i>	<i>4</i>
<i>MOT-12</i>	<i>4</i>

MOT-09	16
MOT-14	4
MOT-41	4
MOT-21	4
MOT-06	4

4. *Incrementa o número de arcos en relación cos incluídos no anexo II do PPT, sendo a superficie lumínica destes de 786,24 m².*
5. *Comprométese a iluminar 25 árbores ou elementos naturais existentes e distribuídos en distintos puntos da cidade.*
6. *Comprométese á colocación de rótulos luminosos a catro caras na parte alta da torre da Casa Consistorial do Concello de Vigo, sendo a superficie a iluminar de 92 m².*
7. *Instalación dos seguintes elementos complementarios para o acto do acendido da iluminación do Nadal a realizar na Porta do Sol:*
 - *Pantalla Led*
 - *Equipo de son*
 - *Iluminación robótica*
8. *Incrementa o stock de seguridade esixido no prego nun 5%.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(813).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA “COOPERATIVA DE ARMADORES DE PESCA DEL PUERTO DE VIGO (ARVI)” NO MARCO DO FOMENTO MUNICIPAL DE EMPREGO PARA O ANO 2017. EXPTE. 13921/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 4/07/17, e o informe de fiscalización de data 14/07/17, dáse conta do informe-proposta do 3/07/17, asinado polo xefe do Servizo de Desenvolvemento local e Emprego, o concelleiro delegado de Emprego e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Unha das tarefas fundamentais do Concello de Vigo é a mellora do benestar da súa cidadanía, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción desta co mercado laboral, así como o fomento e dinamización empresarial do sector de transformación dos produtos da pesca e acuicultura, mediante a realización de feiras

internacionais que permitan unha mellor dinamización do mesmo cara á creación de emprego estable e de calidade, procurando que os custes do convenio de colaboración coa entidade sexan inferiores aos que asumiría o Concello de asumir estas funcións e, tendo en conta que o desenvolvemento destas actividades de fomento do emprego veñen desenvolvéndose dende o ano 2013, mediante a sinatura de convenios de colaboración con entidades cuxa finalidade é a dinamización empresarial do sector pesqueiro, para a consolidación empresarial e o fomento das contratacións de persoas desempregadas que lles permita obter unha maior formación e experiencia no desenvolvemento das súas actividades profesionais, polo que conforme establece a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3.- “En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias:

a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.

b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores así como a realización de novas actuacións de fomento que foran xa establecidas nos proxectos de establecemento de servizos obxecto dos informes de inexistencia de duplicidades e sustentabilidade financeira previstos nesta lei.

..

O concello de Vigo como instrumentador de políticas de emprego, está iniciando unha nova iniciativa de fomento do Emprego de cara a incidir directamente na mellora da empregabilidade da cidadanía viguesa, e conta para o desenvolvemento deste proxecto coa colaboración da Deputación de Pontevedra.

Esta nova iniciativa de fomento do Emprego xorde para dar resposta á problemática que ten esta cidade en relación co mercado laboral, motivada na súa maior parte pola crise económica que estamos a vivir e que ademais conta co apoio da Deputación de Pontevedra, que colaborará con unha aportación de 50.000,00 €, conforme o acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente do 19 de xuño de 2017, na que entre outros acordou:

Primeiro.- Aprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Diputación provincial de Pontevedra para a promoción da produción pesqueira local e a súa importancia laboral, social e económica, así como a promoción turística de Vigo e das Rías Baixas, no marco da celebración do festival do Mar de Vigo “VIGO SEAFEST” , transcrito no Anexo da presente.

Segundo.- Solicitar da Deputación provincial de Pontevedra a aprobación e suscripción do convenio que se anexa para a promoción da produción pesqueira local e a súa importancia laboral, social e económica, así como a promoción turística de Vigo e das Rías Baixas, no marco da celebración do festival do Mar de Vigo “VIGO SEAFEST.

Terceiro.- Comprometerse a dar cumprimento ás condicións do convenio nos termos do mesmo.

Cuarto.- Dar conta do presente acordo á Concellería de Xestión municipal ós efectos de publicidade

Dentro desta iniciativa de fomento do Emprego temos en conta a situación do sector da alimentación e, dentro deste, o relacionado co comercio dos produtos derivados da pesca e da acuicultura e a potenciación do emprego no sector empresarial de produtos pesqueiros, fomentando o coñecemento local, nacional e internacional dos mesmos e a súa implicación na creación de emprego, xa que é unha das que ofertan unha maior posibilidade de empregabi-

lidade, de tal xeito que lles aporte unha mellor posición no mundo laboral; tendo en conta que a realización deste festival enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, como á relacionada coa promoción da actividade turística, as feiras, abastos, mercados, lonxas e comercio ambulante, puidendo promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións dos veciños e veciñas e dentro destes a prestación dos servizos de xeito máis eficaz o que redundará nunha mellor promoción e reinserción social.

A “Cooperativa de Armadores de Pesca del puerto de Vigo (ARVI)”, conforme á súa proposta presentada no rexistro xeral do Concello de Vigo con data 17 de marzo de 2017 co nº de documento 170041454, solicita a colaboración do Concello de Vigo para a subscripción dun convenio que a través do proxecto de apoio ó “Festival “Vigo SeaFest”, instrumentará a realización do festival, o que supón o mantemento dos postos de traballo da entidade, e a promoción do desenvolvemento empresarial, o que permitirá a dinamización da actividade económica da cidade nos diversos sectores implicados, así como permitir a intervención de centos de traballadores de diferentes sectores antes, durante e despois do festival.

Tendo previsto este convenio de colaboración os seguintes obxectivos:

- A dinamización sectorial, xa que é unha das maiores oportunidades de negocio para as empresas do sector radicadas en Vigo e a súa área de influencia. Nun contexto de crise económica no que a viabilidade das empresas depende da súa capacidade comercializadora e exportadora, a Festival “Festival ARVI do Peixe “Vigo SeaFest””, ofrecen a posibilidade de realizar múltiples contactos nacionais e internacionais sen moverse de Vigo e permite ademais que os consumidores poidan acceder a un produto fresco e de calidade, no que a variedade é un factor fundamental para unha alimentación saudable.
- Do mesmo xeito, a Festival “Vigo SeaFest”, funciona como un importante motor de promoción dos produtos de pescado fresco nun entorno lúdico festivo, contribuíndo de feito ao mantemento da actividade e do emprego nas armadoras localizadas en torno á ría de Vigo. Soamente as empresas armadoras asociadas a ARVI, descargan unhas 800 mil toneladas de peixe ao ano e da pesca dependen máis de 32 mil postos de traballo na cidade e a súa área.
- A dinamización da actividade económica na cidade: ademais da proxección nacional e internacional da cidade, a celebración da Festival “Vigo SeaFest”, xera un dos períodos de maior actividade anual nos sectores de hostalaría, restauración, taxi, comercio, tál e como se pode desprender dos datos do público asistente e que nos 3 días da fería supondrán uns 60.000 visitantes, dos que 10.000 serán doutros países.
- Promoción dos produtos pesqueiros locais e da cultura gastronómica en torno a eles.
- Fomento na opinión pública da importancia social e económica da pesca e dunha produción sostible.
- Fomento do consumo de peixe como alimentación saudable e nutritiva, así como do seu potencial na nova cultura gastronómica.
- Consolidación do emprego mediante a promoción das empresas e marcas pesqueiras locais.
- Promoción de Vigo e as Rías Baixas como destino turístico, con especial atención ó turismo gastronómico.

Calcúlase que a celebración de Festival “Vigo SeaFest” é un dos escasos períodos do ano, xunto con outras feiras de carácter internacional, no que os hoteis da cidade colgan o cartel de completo.

Obxectivos que non minoran en ningún momento os principais obxectivos do Plan Municipal de Emprego, senon máis ben, complementátaos, como se amosa de seguido:

- ✓ Posibilitar o desenvolvemento da cidade na procura dun mercado de traballo baseado na xeración de alto valor engadido, apostando por persoas traballadoras cualificadas e implicadas no proxecto empresarial, isto é, persoal de alta produtividade en empresas competitivas con emprego de calidade.
- ✓ Potenciar o emprendemento, a figura do emprendedor e o mantemento das iniciativas emprendedoras como forma de creación de emprego.
- ✓ Facilitar a incorporación ás TICs do conxunto de vigueses que acudan ós servizos de emprego deste concello.
- ✓ Avanzar na igualdade no emprego de homes e mulleres.
- ✓ Inserir laboralmente ós colectivos con mais dificultades de inserción no mercado de traballo para evitar os posibles riscos de exclusión social.
- ✓ Potenciar a creación de emprego vinculada ás novas necesidades da vida diaria, de mellora do marco de vida, de servizos culturais, de ocio e de medio natural.
- ✓ Establecer procedementos de participación dos axentes socioeconómicos no deseño, execución e avaliación dos diferentes programas de emprego.
- ✓ Potenciar a creación de Observatorios do mercado de traballo vinculados ao Pacto local de emprego que, ademais de facer análise do mercado de traballo realice prospectiva a curto e medio prazo tanto no relativo ás necesidades de incorporación de traballadores ás empresas existentes como nos nichos de mercado existentes para o impulso do emprendemento.

Dentro das medidas de fomento do emprego e de apoio ás persoas desempregadas en todas as súas vertentes, o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar coas entidades sindicais, empresariais e sociais máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociolaboral, as cales redundan no beneficio da cidade, xa que tendo en conta que o Porto de Vigo constitúe o principal centro de distribución da pesca europea, así como un porto transatlántico consolidado, que promove o carácter da cidade como destino turístico. Pese a estas oportunidades, Vigo carece dun festival de verano coherente coa identidade pesqueira e marítima da cidade. Á vista desta situación a Cooperativa de Armadores de Pesca do Porto de Vigo, pretende celebrar un festival do mar en Vigo coa denominación “VIGO SEAFEST”, co obxecto de dar a coñecer os produtos pesqueiros locais e a cultura gastronómica en torno a eles. Esta cita representa unha oportunidade para potenciar o emprego nas empresas pesqueiras e o turismo en Vigo e nas Rías Baixas, especialmente no eido do festivais relacionados cos sectores primarios, aspirando incluso nunha cita de carácter internacional, xa que estes festivais teñen cobrado gran importancia e relevancia a nivel internacional, o que os converte en escaparates ao turismo para as cidades que os promoven, así como da consolidación empresarial no seu ámbito de actuación. En consecuencia a celebración dun evento deste tipo supón unha oportunidade única para a promoción, non só da cidade de Vigo, senón das Rías Baixas e da provincia de

Pontevedra. Neste sentido o segmento ao que se dirixe esta oferta, turismo gastronómico e de festivais, en constante crecemento, non resulta accesible para os canles tradicionais de promoción, tanto por custe como impacto. En consecuencia, a colaboración mediante a tramitación dun convenio co evento semella a ferramenta idónea para maximizar a repercusión que supón este evento na consolidación das empresas e do emprego, así como do turismo nas Rías Baixas e Vigo como destino turístico.

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que figuran neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

O convenio de colaboración se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Por todo o anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

- *Aprobar o proxecto de convenio de colaboración que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a Cooperativa de Armadores de Pesca del puerto de Vigo (ARVI), con CIF: F36608131.*
- *Autorizar o gasto de 155.000,00 €, como contrapartida do estipulado no presente convenio con cargo á partida nominativa 2410.4700002 "Feira Vigo Industria Pesqueira", dos que 105.000,00 € corresponden ao orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2017 e 50.000,00 € son a aportación da Deputación de Pontevedra, conforme ao convenio asinado entre o Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra e, comprometer o mesmo a favor da Cooperativa de Armadores de Pesca del puerto de Vigo (ARVI), con CIF: F36608131, para o cumprimento dos obxectivos recollidos no convenio de colaboración.*
- *Facultar ao Concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación cos Sindicatos D. Santos Héctor Rodríguez Díaz para asinar o citado convenio.*
- *Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

Na Casa do Concello de Vigo, ____ de ____ de dous mil dezasete

REUNIDOS

Dunha parte, Don Santos Hector Rodríguez Díaz, na súa calidade de concelleiro-delegado Economía, Industria, Emprego, Voluntariado e Relación cos Sindicatos do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto de delegacións de Alcaldía de 19 de xuño de 2015, co enderezo na Praza do Rei nº 1, 36202 de Vigo, e CIF P3605700-H.

Doutra, Don Francisco Javier Touza Touza, como Presidente da Cooperativa de Armadores de Pesca del puerto de Vigo (ARVI), con CIF: F36608131, e enderezo social en Porto Pesqueiro, Edif. Cooperativa de Armadores de Vigo.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

EXPOÑEN

Unha das tarefas fundamentais do Concello de Vigo é a mellora do benestar da súa cidadanía, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción desta co mercado laboral, así como o fomento e dinamización empresarial do sector de transformación dos produtos da pesca e acuicultura, mediante a realización de feiras internacionais que permitan unha mellor dinamización do mesmo cara á creación de emprego estable e de calidade, procurando que os custes do convenio de colaboración coa entidade sexan inferiores aos que asumiría o Concello de asumir estas funcións e, tendo en conta que o desenvolvemento destas actividades de fomento do emprego veñen desenvolvéndose dende o ano 2013, mediante a sinatura de convenios de colaboración con entidades cuxa finalidade é a dinamización empresarial do sector pesqueiro, para a consolidación empresarial e o fomento das contratacións de persoas desempregadas que lles permita obter unha maior formación e experiencia no desenvolvemento das súas actividades profesionais, polo que conforme establece a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3.- "En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias:

a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.

b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores así como a realización de novas actuacións de fomento que foran xa establecidas nos proxectos de establecemento de servizos obxecto dos informes de inexistencia de duplicidades e sustentabilidade financeira previstos nesta lei.

..."

A estratexia polo emprego que supón este plan non é un elemento illado, senón que toma en consideración un conxunto de accións de colaboración co entramado laboral, veciñal e social nos que o desenvolvemento de convenios de colaboración configúrase como a súa máxima concreción.

O Concello de Vigo ten dentro das súas propostas para estes anos de crise, acadar mediante a contratación directa ou indirecta o maior número de postos de traballo reducindo a por-

centaxe de persoas desempregadas na nosa cidade, unha das formas para acadar este obxectivo entre outras é a colaboración coas organizacións sen ánimo de lucro, de tal xeito que se mellore a consolidación e a dinamización empresarial, a contratación de persoas en situación de desemprego cara a búsqueda de emprego, o autoemprego e o fomento do emprendemento.

O Porto de Vigo constitúe o principal centro de distribución da pesca europea, así como un porto transatlántico consolidado, que promove o carácter da cidade como destino turístico. Pese a estas oportunidades, Vigo carece dun festival de verano coherente coa identidade pesqueira e marítima da cidade. Á vista desta situación a Cooperativa de Armadores de Pesca do Porto de Vigo, pretende celebrar un festival do mar en Vigo coa denominación "VIGO SEAFEST", co obxecto de dar a coñecer os produtos pesqueiros locais e a cultura gastronómica en torno a eles. Esta cita representa unha oportunidade para potenciar o emprego nas empresas pesqueiras e o turismo en Vigo e nas Rías Baixas, especialmente no eido do festivais relacionados cos sectores primarios, aspirando incluso nunha cita de carácter internacional, xa que estes festivais teñen cobrado gran importancia e relevancia a nivel internacional, o que os converte en escaparates ao turismo para as cidades que os promoven, así como da consolidación empresarial no seu ámbito de actuación. En consecuencia a celebración dun evento deste tipo supón unha oportunidade única para a promoción, non só da cidade de Vigo, senón das Rías Baixas e da provincia de Pontevedra. Neste sentido o segmento ao que se dirixe esta oferta, turismo gastronómico e de festivais, en constante crecemento, non resulta accesible para os canles tradicionais de promoción, tanto por custe como impacto. En consecuencia, a colaboración mediante a tramitación dun convenio co evento semella a ferramenta idónea para maximizar a repercusión que supón este evento na consolidación das empresas e do emprego, así como do turismo nas Rías Baixas e Vigo como destino turístico.

A celebración de feiras sectoriais e en concreto a de produtos do mar, permite:

- A dinamización sectorial, xa que é unha das maiores oportunidades de negocio para as empresas do sector radicadas en Vigo e a súa área de influencia. Nun contexto de crise económica no que a viabilidade das empresas depende da súa capacidade comercializadora e exportadora, a Festival "Festival ARVI do Peixe "Vigo SeaFest", ofrecen a posibilidade de realizar múltiples contactos nacionais e internacionais sen moverse de Vigo e permite ademais que os consumidores poidan acceder a un produto fresco e de calidade, no que a variedade é un factor fundamental para unha alimnetación saudable. Do mesmo xeito, a Festival "Vigo SeaFest", funciona como un importante motor de promoción dos produtos de pescado fresco nun entorno lúdico festivo, contribuíndo de feito ao mantemento da actividade e do emprego nas armadoras localizadas en torno á ría de Vigo. Soamente as empresas armadoras asociadas a ARVI, descargan unhas 800 mil toneladas de peixe ao ano e da pesca dependen máis de 32 mil postos de traballo na cidade e a súa área.
- A dinamización da actividade económica na cidade: ademais da proxección nacional e internacional da cidade, a celebración da Festival "Vigo SeaFest", xera un dos períodos de maior actividade anual nos sectores de hostalaría, restauración, taxi, comercio, tál e como se pode desprender dos datos do público asistente e que nos 3 días da fería supondrán uns 60.000 visitantes, dos que 10.000 serán doutros países.

Calcúlase que a celebración de Festival “Vigo SeaFest” é un dos escasos períodos do ano, xunto con outras feiras de carácter internacional, no que os hoteis da cidade colgan o cartel de completo.

- O fomento do emprego derivado directamente da organización do festival “Vigo SeaFest” e os seus efectos sobre a pesca marina, a acuicultura e o comercio:
 - Durante a celebración do festival “Vigo SeaFest”, se prevé a creación de 65 empregos directos relacionados co diseño, montaxe, limpeza, seguridade e persoal de hostalaría, e un emprego indirecto relacionado com unhas 13.500 pernoctacións, e máis de 500.000 € en gastos relacionados coa hostalaría e os servizos na cidade.

MANIFESTAN

I.- Que a Cooperativa de Armadores de Pesca del puerto de Vigo (ARVI), conforme á súa proposta presentada no rexistro xeral do Concello de Vigo con data 17 de marzo de 2017 co nº de documento 170041454, conforme ao establecido nos seus estatutos asume, entre outros, os seguintes fins e actividades:

- a) promover o desenvolvemento empresarial, en beneficio do interese xeral e colaborar nun maior benestar social,
- b) a sustentabilidade e a innovación no sector pesqueiro
- c) a organización de feiras e exposicións monográficas ou multisectoriais tendentes á divulgación, fomento, orientación e promoción dos produtos da pesca e os seus derivados.

II.- Que o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía o dereito a fundar entidades sen ánimo de lucro destinadas a contribuír na defensa e promoción dos intereses económicos e sociais que lles son propios, como síntoma da boa saúde dun estado social e democrático de dereito no que a participación da cidadanía é fundamental.

Dentro das políticas activas de emprego en todas as súas vertentes, o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar coas entidades empresariais, sociais e veciñais máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter dinamizador, do tecido empresarial e polo tanto do emprego entre a cidadanía de Vigo, entre as que cabe destacar a celebración de eventos feirais e empresariais de índole internacional, estatal e autonómica as cales redundan no beneficio da cidade en xeral e das persoas desempregadas en particular.

III.- Que na devandida actividade a subvencionar e na subvención mesma concurren singulares circunstancias de interese público, social, económico e humanitario; tendo en conta a situación socio-laboral e empresarial na actualidade na cidade de Vigo:

Desemprego rexistrado por e sexo:

ESTADÍSTICAS DE DESEMPREGO EN VIGO – Febreiro 2017		
Desemprego	Homes	Mulleres
26.998	12.044	14.954

Desempego rexistrado por sector de actividade:

ESTADÍSTICAS DE DESEMPREGO EN VIGO – Febreiro 2017					
TOTAL	AGRICULTURA E GANADERÍA	INDUSTRIA	CONSTRUCCION	SERVIZOS	SEN EMPREGO ANTERIOR
26.998	446	3.375	1.975	19.139	2.063

- *Datos correspondentes a febreiro de 2017, segundo a web da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia.*

Estas circunstancias así como o profundo coñecemento do sector alimentario, e concretamente do relacionado cos produtos pesqueiros, así como da súa implantación no sector empresarial e a existencia dunha partida nominativa nos orzamentos do Concello de 2017, para o desenvolvemento dun convenio coa Cooperativa de Armadores de Pesca del puerto de Vigo (ARVI) para o fomento do emprego, xustifican a súa concesión directa.

IV.- Toda vez que de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente, os intervintes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita axuda, cuxo obxecto é apoiar a celebración do primeiro festival de produtos do mar “Vigo SeaFest”, no que se prevé a asistencia de 60.000 visitantes dos que máis do 15% serán extranxeiros.

V.- Que Cooperativa de Armadores de Pesca del puerto de Vigo (ARVI), non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese público, social, económico e humanitario que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade de Cooperativa de Armadores de Pesca del puerto de Vigo (ARVI)”, o Concello de Vigo e a dita ARVI convenén a súa colaboración no ámbito de Vigo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeira.- É obxecto deste convenio establecer e concretar o réxime de colaboración entre o Concello de Vigo e a “Cooperativa de Armadores de Pesca del puerto de Vigo (ARVI)”, para a promoción da produción pesqueira local e a súa importancia laboral, social e económica, así como a promoción turística de Vigo e das Rías Baixas, no marco da celebración do festival “VIGO SEAFEST”, na procura do cumprimento, entre outros, dos seguintes obxectivos:

- Promoción dos produtos pesqueiros locais e da cultura gastronómica en torno a eles.
- Fomento na opinión pública da importancia social e económica da pesca e dunha produción sostible.
- Fomento do consumo de peixe como alimentación saudable e nutritiva, así como do seu potencial na nova cultura gastronómica.
- Consolidación do emprego mediante a promoción das empresas e marcas pesqueiras locais.

- Promoción de Vigo e as Rías Baixas como destino turístico, con especial atención ó turismo gastronómico.

Segunda.- A “Cooperativa de Armadores de Pesca del puerto de Vigo (ARVI)”, comprométese a colaborar coa Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos do Concello de Vigo en canto a dinamización e fomento do emprego, así como nas labores de xestión da entidade e da dinamización sectorial das empresas adicadas aos produtos do mar, a dinamización da actividade económica da cidade, e concretamente, a:

1. O fomento do emprego derivado directamente da organización do festival “VIGO SEAFEST” e os seus efectos sobre a pesca marina, a acuicultura e o comercio, o que implica a intervención de centos de traballadores de diferentes sectores durante quince días: nas actividades de montaxe nas datas previas á celebración do festival, durante o festival e posteriormente na desmontaxe. O festival “VIGO SEAFEST”, prevé a mobilización de preto de dous centos traballadores entre o persoal contratado directamebte pola organización e o contratado polas empresas de hostalaría e servizos
2. Comunicar ao Concello de Vigo-Concellaría de Economía, Industria, Emprego, Voluntariado e Relación cos Sindicatos, o lugar, datas e horas de inicio das accións a desenvolver. Así mesmo, obrígase a comunicar calquera incidencia que imposibilite ou aprace a actividade requirida, que de ser o caso, comunicarase cunha antelación mínima de 5 días naturais á data da súa realización.
3. Nas oficinas de administrativas da cooperativa e na entrada ao recinto, deberá constar en lugar visible cartel informativo en modelo normalizado que será subministrado polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego e no que constará a financiación do Concello de Vigo e da Deputación de Pontevedra.
4. Calquera edición e/ou material gráfico relacionado coas accións deste convenio deberá aparecer o logotipo oficial do Concello de Vigo e da Deputación de Pontevedra como patrocinadores das accións, sendo esta cuestión extensible ás carpetas, distintivos e outros elementos que realicen.
5. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
6. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
7. As actividades de carácter sociolaboral recollidas no presente convenio destinaranse ao público en xeral. O seu acceso será aberto e gratuíto, limitándose o número de asistentes ao aforo do lugar onde se celebren.
8. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
9. En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Terceira.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

- ✓ Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.
- ✓ Respetar a estrutura organizativa de “Cooperativa de Armadores de Pesca del puerto de Vigo (ARVI)”.

- ✓ Conceder directamente á “Cooperativa de Armadores de Pesca del puerto de Vigo (ARVI)” unha subvención total por importe de 155.000,00 € con cargo á partida nominativa 2410.4700003 “Convenio Festival Vigo Industria Pesqueira”, dos que 105.000 € corresponden ao orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2017 e 50.000 € á aportación da Deputación de Pontevedra, co obxecto de coadxuvar ao financiamento dos gastos de xestión e organización das actividades previstas.

Cuarta.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Quinta.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, a entidade deberá presentar os correspondentes certificados de non ter débedas coa Seguridade Social e co Axencia Estatal de Administración, conforme á Lei 39/2015.

Sexta.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sétima.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Oitava.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada. A dita difusión cumprirá os seguintes requisitos:

–En toda información gráfica editada figurarán os logotipos e anagramas oficiais do Concello de Vigo e da Deputación de Pontevedra, ademais das lendas que se acorden. Se no financiamento das actividades interveñen outras entidades distintas da asinante do Convenio, a prelación en orde de tamaño será proporcional a cadansúa achega económica.

–A entidade beneficiaria someterá a conformidade do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo as probas dos recursos publicitarios que se vaian empregar. O material gráfico editado disporá do correspondente depósito legal. De todo o material editado, entregaranse 2 exemplares no servizo de Desenvolvemento Local e Emprego da Concellaría de Economía, Industria, Emprego, Voluntariado e relación cos Sindicatos.

Novena.- A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Décima.- Comisión de seguimento

Para o bo fin dos obxectivos sinalados no presente convenio constituirase unha Comisión de seguimento integrada por:

- O concelleiro de Economía, Industria, Emprego, Voluntariado e relación cos Sindicatos, que ostentará a Presidencia e que poderá delegar a súa representación noutro/a concelleiro/a ou xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
- Tres vogais:
 1. Un/unha técnico/a adscrito ao servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
 2. Dous membros da Xunta directiva da entidade “Cooperativa de Armadores de Pesca del puerto de Vigo (ARVI)”.

Actuará como Secretario/a da Comisión un/unha funcionario/a ou laboral do Concello de Vigo, con voz pero sen dereito a voto.

A Comisión quedará constituída trala súa primeira reunión, e estas realizaranse de forma ordinaria todos os trimestres na data en que se indique na sesión constitutiva, en todo caso para a súa válida constitución será necesaria a presenza da maioría absoluta dos seus membros que incluírá a do Presidente e Secretario.

O Presidente decidirá co seu voto os empates que se produzan respecto dos acordos que nas funcións que son propias da Comisión se adopten.

Son funcións propias da Comisión, as seguintes:

- Supervisar o cumprimento do proxecto de accións e actividades que figuran na Memoria e o presuposto executado.
- Establecer unha orde de prioridades respecto das actividades a realizar.
- Supervisar o cumprimento do normativa legal vixente en relación coas contratacións realizadas.

Décimo primeira.- Aínda que o presente convenio rematará a súa vixencia a 31 de decembro de 2017, a entidade beneficiaria deberá xustificar, antes do **1 de outubro de 2017**, o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade conveniada.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de ... euros.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de todos os xustificantes de pago dos gastos incorridos.

1. As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro polo que apróbase o Regulamento polo que regulan as obrigacións de facturación. Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.
Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.
2. As Retribucións de persoal da entidade, xustificaranse mediante:
 -) Copia autenticada do contrato.
 -) Copia autenticada do TC1 e TC2.
 -) Copia autenticada das nóminas.
 -) Copia autenticada do impreso de liquidación nominal do IRPF.
 -) Copia do documento autenticado (transferencia bancaria ou cheque nominativo), que xustifique o pagamento das nóminas do persoal.
3. Cando a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora do convenio procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo do convenio e se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á axuda conveniada recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado. A copia do xustificante orixinal estampillado incorporarase ao expediente e á área xestora do convenio e procederá á devolución do orixinal.
4. Serán gastos admisibles os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade conveniada e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de xuño de 2017 e o 31 de agosto de 2017.
5. En xeral os documentos xustificativos deberán de corresponderse con gastos vencellados de forma directa co obxecto deste convenio.

Décimo segunda.- Antes de proceder ao pago da subvención, a entidade beneficiaria deberá presentar os certificados de estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e pagos coa Seguridade Social, e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro; conforme ao establecido na Lei 39/2015.

Décimo terceira.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade conveniada e se realicen no prazo comprendido entre o **1 de xuño**

de 2017 e o 31 de agosto de 2017, sempre e cando estén directamente relacionados coa celebración da Festival.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as devanditas contratacións.

Décimo cuarta.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Economía, Industria, Emprego, Voluntariado e relación cos Sindicatos. O xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo quinto.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Economía, Industria, Emprego, Voluntariado e relación cos Sindicatos e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo sexta.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución sinifiativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sétima.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedimento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Décimo oitava.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orde á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedimento Administrativo Común das Administracións Públicas, e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo.

Décimo novena.- A colaboración do Concello de Vigo concrétase na concesión dunha subvención formalizada mediante o presente convenio, colaboración que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa ou indirectamente pola C“Cooperativa de Armadores de Pesca del puerto de Vigo (ARVI)” no desenvolvemento das actividades indicadas no pacto primeiro.

Vixésima.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, _____ de 2017.

5(814).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DENOMINADO “VIGO INTEGRAL V” E SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA DA XUNTA DE GALICIA. EXPTE. 14291/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 2/08/17, e o informe de fiscalización de data 3/08/17, dáse conta do informe-proposta do 3/07/17, asinado polo xefe do Servizo de Desenvolvemento local e Emprego, que di o seguinte:

A concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e relacións cos sindicatos, coa finalidade de favorecer e facilitar a inserción e reinserción laboral, mediante accións programadas e deseñadas que incrementen e melloren a súa empregabilidade e faciliten o seu acceso ao emprego, ten preparado o Programa VIGO INTEGRAL V, no que se fomenta o uso das novas tecnoloxías como base de novos servizos de apoio cos obxectivos de:

–Promover a inserción laboral das persoas beneficiarias, preferentemente perceptores de prestacións, e facendo especial fincapé na mocidade con idade ata 30 anos e persoas desempregadas como consecuencia dunha crise empresarial, potenciando e reforzando a súa iniciativa cara á formación, fomentando a súa motivación cara unha cualificación con expectativas de emprego, proporcionándolles apoio e acompañamento na busca de emprego.

–Realizar accións para o emprego que faciliten e apoiem a busca individual de traballo das persoas beneficiarias do Programa con especial incidencia na mocidade e persoas desempregadas.

–Fomentar a participación dos colectivos en risco de exclusión en accións de orientación, información, formación, etc.

–Dotar ás persoas usuarias do Programa das estratexias, habilidades e destrezas necesarias a través das distintas accións do proxecto, para unha boa busca activa de emprego, incrementando a súa autonomía e motivación.

–Adoptar mecanismos adecuados ás necesidades persoais que permitan salvar obstáculos que dificultan a inserción laboral.

Este programa enmárcase na Orde do 11 de xullo de 2017 *pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica en Galicia de programas integrados para o emprego durante os anos 2017 e 2018.*

O programa ten unha duración estimada de 12 meses cun inicio previsto para o mes de novembro de 2017, e cun total de 85 persoas participantes das que se prevé unha inserción do 35%.

O custo total estimado do proxecto é de **198.147,25 €**, dos que o 80% corresponde á solicitude de subvención (**158.517,8€**) e o 20% restante á cofinanciación municipal (**39.629,45 €**), que se financiará con cargo as partidas (2410.1200100, 2410.1200400, 2410.1200600, 2410.1210001, 2410.1210004, 2410.1210101, 2410.1210104, 2410.1600000), de persoal adscrito ao desenvolvemento do proxecto polo que non é necesario a retención de crédito e que conforme ao apartado C.15.1 da memoria do proxecto suporían 120,545,86 € importe moi superior ao previsto para a cofinanciación por parte do Concello de Vigo, no proxecto.

Por todo o anteriormente exposto, e de acordo co proxecto que se inclúe no expediente, PROPONSE á Xunta de Goberno Local que adopte os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o proxecto denominado “Vigo Integra V”, elaborado polo Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo, por un importe total de 198.147,25 €, dos que 158.517 € son o importe solicitado a subvencionar pola Xunta de Galicia e os restantes 39.629,45 €, son a financiar polo Concello de Vigo.

2º.- Solicitar á Consellaría de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia a subvención contemplada no citado proxecto, de acordo co establecido na Orde de 11 de xullo de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica en Galicia de programas integrados para o emprego durante os anos 2017 e 2018.

3º.- Asumir as obrigas económicas que ao Concello lle poidan corresponder no desenvolvemento do proxecto, mediante a dotación, nos presupostos municipais dos anos 2017 e 2018 das correspondentes partidas para o cofinanciamento deste proxecto.

4º.- Delegar no concelleiro de Emprego, Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relacións cos Sindicatos, Santos Hector Rodríguez Díaz a representación do Concello na tramitación da solicitude de subvención diante da Consellaría de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(815).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE XESTIÓN DE RESIDUOS VOLUMINOSOS DE VIGO. EXPTE. 6548/252.

Visto o informe de fiscalización do 3/08/17, dáse conta do informe-proposta de data 12/07/17, asinado polo xefe do Servizo de Limpeza, o xefe do Servizo Xurídico da Área de Fomento, o concelleiro delegado de Limpeza e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Vista a Dilixencia da Intervención Xeral Municipal asinada pola Interventora Xeral Adxunta en data 10 de xullo do 2017, co conforme do Interventor Xeral en data 11 de xullo do 2017, coa que se devolve o expediente de referencia ao servizo xestor para o recálculo das anualidades xa que os días que corresponden ao exercicio 2017 son 144 (86.313,60€) e os que corresponden ao exercicio 2018 son 221 días (132.467,40€), procedese á corrección da proposta, quedando esta reformulada como segue:

En data 21 de xullo do 2015 a Xunta de Goberno Local acordou adxudicar á mercantil TOCA SALGADO, S.L. o contrato maior de servizos par a Xestión do Residuos Voluminosos da cidade de Vigo, por un prezo total con iva de 464.544,00 euros en dous anos (232.272 €/ano), e un prezo unitario iva engadido de 99,90 € por tonelada de residuos entregados nas súas instalacións do Camiño do Caramuxo. **O prezo unitario sen iva da adxudicación resultou en 90,818 euros por Tonelada.**

O prazo do contrato é de dous anos prorrogables por outra anualidade máis, conforme ao apartado 4 das follas de características do contrato (FEC) que integran o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP).

En data 10 de agosto do 2015 asinouuse o contrato, iniciándose a prestación do servizo ese mesmo día conforme ao indicado na cláusula 4ª do contrato.

Dado que o prazo do contrato é de dous anos e que a prestación iniciouse o día 10 de agosto do 2015, **o contrato rematará do día 9 de agosto do ano 2017**. Non entanto, conforme ao PCAP, unha vez concluído o contrato permítese unha prórroga de ata un ano sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, e sempre que o contratista non se opoña á mesma cunha antelación de cinco meses contada dende o vencemento do contrato, como é neste caso.

A responsable da empresa Dª Nuria Toca Salgado con D.N.I 36.135.543-T, en data 20 de abril do 2017 remitiu ao Concello de Vigo o escrito de aceptación da prórroga establecida no apartado 4.C das FEC do Prego de Clausulas Administrativas Particulares e na cláusula 4ª do contrato asinado. O escrito tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo en data 24 de abril do 2017 co Nº 170058570, e consta no expediente.

Tamén consta no expediente, a COMPARECENCIA asinada pola responsable da empresa Dª Nuria Toca Salgado en data 20 de xuño do 2017, na que presta a súa conformidade á proposta de prórroga. En concreto está conforme co punto segundo do acordo que limita a duración da prórroga a que esta rematará o día anterior ao de inicio da nova prestación que resulte da licitación que está neste intre en trámite no Departamento de Limpeza municipal (Exp.:6603-252).

Aos efectos de xustificación da prórroga do contrato de xestión dos residuos Voluminosos da cidade de Vigo, cabe indicar que o Servizo estase prestando por parte da empresa TOCA SALGADO, S.L. conforme ás especificacións establecidas nos pregos de prescricións técnicas e administrativas particulares que rexeron o concurso e ás disposicións legais vixentes en cada momento, polo que o servizo se presta a completa satisfacción deste Concello.

Procede indicar que conforme ao rexistro autonómico de xestores autorizados para valorizar este tipo de residuos (voluminosos LER 200307), na cidade de Vigo ata esta data unicamente existen tres posibles xestores (Reto a la esperanza G39050984; Toca Salgado S.L B36625085; UTE Botamavi-Tradebe-Urbaser)dos que somentes o actual concesionario ten capacidade técnica para tratar a cantidade que o Concello lle demanda.

O Concelleiro-Delegado de Limpeza resolveu en data 9 de novembro do 2015 que por parte do Servizo municipal competente, coa participación do resto dos servizos municipais que foran necesarios, se procedera a estudar e a elaborar os informes previos ao inicio dun novo contrato que incluíra entre outras a prestación do servizo de Xestión dos residuos Voluminosos do contrato que está proximo a rematar. Rematado este proceso coas conclusións que os estudos preliminares arrojasen, o Xefe do servizo de limpeza procedería a elevar proposta de inicio do regulamentario expediente ou expedientes de contratación segundo o caso.

Este proceso de estudo e análise iniciouse no ano 2015 pero debido á complexidade técnica que entraña, e ás novas disposicións regulamentarias que están en vigor e das novidades tecnolóxicas aplicables, non foi posible concluir polo Servizo Xestor unha proposta de Proxecto de Explotación de servizo axeitada ás actuais necesidades da cidade de Vigo. O traballo continúa a día de hoxe e no modelo de prestación que se está a elaborar, incluírase a xestión dos residuos voluminosos nun contrato de maior alcance.

En tal sentido e dado que a data de remate do actual contrato de xestión dos residuos voluminosos é o vindeiro día 9 de agosto do ano 2017, e dado que a cláusula 4ª do contrato permite unha prórroga de ata un ano de duración, estímase necesario facer uso dela nas condicións que se describen de seguido:

- O prazo de duración da prórroga será tal que esta remate o día anterior ao de inicio da nova prestación que resulte da licitación que está neste intre en trámite polo Departamento de Limpeza, e **en todo caso como máximo ata o día 9 de agosto do ano 2018 (un ano de prórroga como máximo)**.
- No tocante ao prezo do tratamento que será efectivo na prórroga, que conforme ao contrato é 99,90 € por tonelada (IVE 10% engadido) igual ao prezo inicial do contrato no ano 2015, continúa sendo o máis ventaxoso para este Concello igual que o era no momento da adxudicación.

No que respecta á contía económica que corresponde consignar para a prórroga, procede indicar que o importe efectivo do contrato depende da cantidade de residuos realmente xestionada polo adxudicatario. Non entanto e para establecer un marco económico da prórroga pódese facer unha prognose da cantidade de residuos a xestionar nos vindeiros meses referida ás cantidades xestionadas nos meses precedentes, resultando nunha estimación de 6 toneladas ao día de media, o que supón un total de $6 \times 365 = 2.190$ toneladas ao ano, cun importe de:

$2.190 \times 99,90 = 218.781$ €uros/ano, IVE 10% engadido.

Consonte coa estimación anterior, o importe a consignar para a prórroga é:

Ano 2017 144 días (de 10 agosto a 31 decembro)

218.781 * 144/365= 86.313,60 euros

Ano 2018 221 días (de 1 de xaneiro a 9 de agosto)

218.781 * 221/365= 132.467,40 euros

que deberá imputarse á partida 1622..2270017 “Outros Verquidos do lixo” do orzamento municipal

A vista das anteriores consideracións, propónse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, previo informe da Intervención Xeral, a adopción do seguinte:

ACORDO

- Autorizar a prórroga para o periodo comprendido entre o 10 de agosto do ano 2017 ao 9 de agosto do ano 2018, do Contrato de xestión dos residuos voluminosos da Cidade de Vigo, adxudicado á mercantil TOCA SALGADO S.L e que remata o día 9 de agosto do 2017.
- A prórroga rematará o día anterior ao de inicio da nova prestación que resulte da licitación que está neste intre en trámite polo Departamento de Limpeza (Exp.:6603-252), e en todo caso o día 9 de agosto do ano 2018.
- Consonte cos antecedentes desta proposta, o importe anual da prórroga será como máximo de 218.781€, repartidos nas seguintes anualidades:

Ano 2017 144 días (de 10 agosto a 31 decembro) 86.313,60 euros
 Ano 2018 221 días (de 1 de xaneiro a 9 de agosto) 132.467,40 euros

imputable á partida 1622..2270017 “Outros Verquidos do lixo” do orzamento municipal

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(816).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN DAS AUTORIZACIÓNS DE OCUPACIÓN, INSTALACIÓN E EXPLOTACIÓN DOS QUIOSCOS DE TEMPORADA Nº 1 AREAL DA PUNTA, A GUÍA, E Nº 10 AREAL DO VAO. EXPTE. 12743/306.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 1/08/17, e o informe de fiscalización de data do 2/08/17, dáse conta do informe-proposta do 1/08/17, asinado polo xefe do Servizo de Medio Ambiente e a concelleira delegada da Área, que di o seguinte:

1.- A Xunta de Goberno Local en sesión do 23 de febreiro de 2017, acordou aprobar o Plan de ocupación, instalación e explotación de servizos de tempada: quioscos nas praias do termo municipal de Vigo para o ano 2017 (expte. 12376/306), cos seguintes quioscos:

DESCRICIÓN	EMPRAZAMENTO	ZONIFICACIÓN, LEI DE COSTAS
QUIOSCO 1	Areal da Punta. A Guía	Propiedade municipal, Zona de servidume de tránsito
QUIOSCO 2	Areal de Santa Baia, Alcabre	Propiedade municipal, Zona de servidume de protección

QUIOSCO 3	Areal do Tombo do Gato	Propiedade municipal, Zona de servidume de protección
QUIOSCO 4	Areal do Tombo do Gato	Propiedade municipal, Zona de servidume de protección
QUIOSCO 5	Areal de Argazada	Propiedade municipal, Zona de servidume de protección
QUIOSCO 6	Areal de Samil	Propiedade municipal, Zona de servidume de protección
QUIOSCO 7	Areal de Samil	Propiedade municipal, Zona de servidume de protección
QUIOSCO 8	Areal de Samil	Propiedade municipal, Zona de servidume de protección
QUIOSCO 9	Areal do Vao	Dominio público marítimo terrestre
QUIOSCO 10	Areal do Vao	Dominio público marítimo terrestre
QUIOSCO 11	Areal da Etea	Dominio público marítimo terrestre

2.- A xefa do Servizo Provincial de Costas do MAPAMA en data do 4 de abril de 2017, autorizou a ocupación do dominio público marítimo terrestre e da zona de servidume de tránsito para a explotación dos servizos de temporada quioscos nas praias de Vigo no ano 2017 (Quioscos nºs. 1, 9, 10 e 11).

3.- A Directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio ditou resolución en data do 28 de abril de 2017, de autorización da Comunidade Autónoma na zona de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre para a instalación dos quioscos de temporada nas praias nºs. 2, 3, 4, 5, 6, 7 e 8, durante o ano 2017, dende o 1 de xuño ata o 30 de setembro.

4.- A Xunta de Goberno Local en sesión do día 05 de maio de 2017, acordou:

1º.- Declara-la urxencia na tramitación do expediente 12376-306 para adxudicación das autorizacións de ocupación, instalación e explotación de servizos de temporada: quioscos nas praias do concello de Vigo durante a tempada estival do ano 2017.

2º.- Aproba-lo prego de cláusulas administrativas para a ocupación, instalación, e explotación de servizos de temporada nas praias do concello de Vigo durante a tempada estival do ano 2017, asinado dixitalmente o 20 de abril de 2017.

3º.- Dispoñer a apertura do procedemento de licitación polo procedemento aberto e trámite urxente conforme ó establecido na lexislación de aplicación”.

5.- A Xunta de Goberno Local en sesión do 08 de xuño de 2017, acordou:

“Declarar desertos os lotes 1 (quiosco do areal da Punta – A Guía- sinalado co no 1 nos planos do Anexo II) e 10 (Quiosco do areal do Vao sinalado co nº 10 nos planos anexos ó prego) por non terse presentado ningunha proposición.

Tamén, en sesión do 15 de xuño de 2017, adxudicou a autorización do resto de lotes (lotes 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9 e 11).

6.- As autorizacións obxecto de licitación dos lotes 1 (quiosco do areal da Punta – A Guía sinalado co nº 1 nos planos do Anexo II) e 10 (Quiosco do areal do Vao sinalado co nº 10 nos planos anexos ó prego) que quedaron desertos, corresponden á ocupación de dominio público marítimo terrestre previsto na Lei 22/1988, de 28 de xullo, de costas, e no regulamento que a desenvolve aprobado por Real decreto 876/2014, de 10 de outubro, cuxa ocupación e explotación, con instalación desmontables e por un período inferior a catro anos, pode realizar o Concello a través de terceiros e trala aprobación do correspondente plan de ocupación e explotación dos servizos de temporada polo Servizo Provincial de Costas, debendo respectar os principios de publicidade, obxectividade, imparcialidade, transparencia e concorrencia competitiva (artigos 26, 53 da Lei 22/1998, de 28 de xullo, e 110, 113 do Rd 876/2014, de 10 de outubro).

7.- A Lei 22/1988, de 28 de xullo, de costas establece no artigo 53.1., parágrafo segundo, que *“As autorizacións cuxo obxecto sexa a explotación de servizos de tempada nas praias, que só requirán instalacións desmontables, serán outorgadas ós Concellos que o soliciten, na forma que se determine regulamentariamente e con subxección ás condicións que se establezan nas normas xerais e específicas correspondentes. No caso de que os Concellos opten por explotar os servizos de tempada a través de terceiro, aqueles garantirán que nos correspondentes procedementos de outorgamento se respecten os principios de publicidade, obxectividade, imparcialidade, transparencia e concorrencia competitiva.”*

O artigo 113 do Real Decreto 876/2014, de 10 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral de costas, establece que:

- As autorizacións cuxo obxecto sexa a explotación de servizos de tempada nas praias que só requirán instalacións desmontables, serán outorgadas polos concellos que o soliciten, na forma que se determina nos apartados seguintes.

- Haberá que solicitalas dirixíndose ó servizo periférico de Costas do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente no prazo establecido,

- Os servizos de tempada poderán contar cunha autorización por un prazo máximo de catro anos, se ben as instalacións deberán desmontarse, unha vez rematada cada unha das tempadas incluídas no prazo de duración da autorización.

- Outorgada a autorización polo Servizo Periférico de Costas, os Concellos, tralo abono do canon de ocupación correspondente, poderán proceder a súa explotación, por sí ou por terceiros.

- Os concellos garantirán que nos procedementos para licitar a prestación do servizo de temporada nas praias atenderase ó maior interese e utilidade pública das propostas, que se valorarán en función de criterios que deberán ser especificados polos Concellos nos correspondentes pregos de condición, con respecto ós principios de publicidade, imparcialidade, transparencia e concorrencia competitiva.

O artigo 92 e 96 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, de patrimonio das Administracións Públicas (LPAP) establece as condicións, contido, procedemento para o outorgamento das autorizacións da ocupación privativa do dominio público.

O artigo 4.1.o), do Rdl 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en adiante TRLCSP), exclúe do ámbito de aplicación da

citada Lei “As autorizacións e concesións sobre bens de dominio público e os contratos de explotación de bens patrimoniais distintos ós definidos no artigo 7, que se regularán pola súa lexislación específica salvo nos casos en que expresamente se declaren de aplicación as prescricións da presente Lei”.

Tamén, o artigo 4.2. da citada Lei establece que *“os contratos, negocios e relacións xurídicas enumerados no apartado anterior regularanse polas súas normas especiais, aplicándose os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.”*

Por tanto, na tramitación da licitación destas autorizacións seguiuse o establecido na lexislación sectorial de costas, artigos 92 e 96 da LPAP e, no non regulado por estas, aplicouse o prevenido no TRLCSP respecto dun procedemento aberto e trámite urgente.

A Lexislación de costas e a LPAP non regulan o procedemento a seguir cando, como é o caso que nos ocupa, o procedemento de adxudicación quedou deserto por falla de proposicións, polo que en aplicación do prevenido no artigo 4.2. do TRLCSP e a remisión que o propio Rd 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das corporacións locais fai a lexislación de contratación, non se observa impedimento en aplicar supletoriamente o establecido nesta Lei para o caso.

O artigo 170.c) do TRLCSP permite acudir á adxudicación polo procedemento negociado cando, tras haberse seguido un procedemento aberto, non se presentara ningunha oferta, sempre que as condicións iniciais do contrato non se modifiquen substancialmente e co obxecto de garantir a pública concorrencia, considerouse procedente iniciar un procedemento negociado con publicidade no perfil do contratante.

8.- A concelleira delegada da Área de Medio Ambiente e Vida Saudable, ao abeiro da Disposición adicional segunda, apartado 3, do Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público (TRLCSP) e acordo de delegación de competencia da Xunta de Goberno Local de data 19/06/2015 (BOP 14/07/2015), en data do 13 de xullo de 2017, acordou iniciar procedemento administrativo para a adxudicación das autorizacións de ocupación, instalación e explotacións de quioscos de temporada, en terreos de dominio público, correspondentes ó quiosco núm. 1 areal da Punta, A Guía, e o Quiosco nº 10 do areal de o Vao, por procedemento negociado con publicidade no perfil do contratante e trámite urgente, ó resultar desertos a adxudicación dos lotes destes quioscos por acordo da Xunta de Goberno Local de data 08 de xuño de 2017 (expte. 12376/306).

9.- O servizo de Medio Ambiente elaborou memoria xustificativa respectando as condicións técnicas, canon, criterios de adxudicación, do prego anterior aprobado no procedemento número 12376/306 que quedou deserto.

10.- O servizo de contratación elaborou o prego de condicións que rexerá a licitación destas dúas autorizacións para a ocupación, instalación e explotacións dos servizos de temporada: quioscos por terceiros particulares nas praias do Concello de Vigo polo procedemento negociado con publicidade en data 21/07/2017.

O prego reflicte os lotes 1 e 10 que coincide co número de quioscos que se instalarán.

O único criterio de adxudicación, logo da cualificación de aptitude, é o maior incremento do canon mínimo fixado na cláusula 4ª. Outorgaranse 100 puntos á oferta que inclúa un maior incremento do canon e as restantes valoraranse proporcionalmente con aquela.

O prazo das autorizacións será para o período comprendido entre o 1 de xuño de 2017 ata o 30 de setembro de 2017, existindo a posibilidade de prórroga dun ano nos termos reflectidos no prego.

O canon mínimo a aboar ó concello por cada un dos lotes determinouse en función dos seguintes criterios:

a) Quiosco situado en DMPT estatal:

O maior que resulte de aplicar o canon establecido polo Servizo Provincial de Costas do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, incrementado no importe das taxas municipais segundo a Ordenanza fiscal por aproveitamento especial de terreos de dominio público con instalacións de quioscos (superficie cerrada) e a Ordenanza fiscal por aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público (superficie de terraza ou aberta) ou o maior canon das últimas dúas adxudicacións das autorizacións, anos 2013 e 2015, coa redución do 40 por cento.

b) Quiosco situado en terreos de titularidade municipal:

O maior que resulte de aplicar o importe da suma das taxas municipais segundo a Ordenanza fiscal por aproveitamento especial de terreos de dominio público con instalacións de quioscos (superficie cerrada) e a Ordenanza fiscal por aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público (superficie de terraza ou aberta) ou o maior canon das últimas dúas adxudicacións, ano 2013 e ano 2015, coa redución do 40 por cento.

Os citados criterios xustificanse en que o canon debe ser acorde co valor que tería no mercado a utilización derivada do aproveitamento se os bens non fosen de dominio público polo que, cando menos, debe ser igual ou superior ás taxas que resultarían de aplicación das Ordenanzas fiscais municipais ao abeiro do establecido no artigo 24 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o TRLFL, tendo, ademais, en consideración o importe do canon adxudicado nos últimos anos.

11.- A Asesoría Xurídica municipal emitiu o preceptivo informe sobre o prego de condicións en data 01/08/2017.

As autorizacións obxecto da licitación é para a ocupación privativa do dominio público cos quioscos de temporada nas praias con instalacións desmontables e por período que non supera os catro anos.

A do quiosco 10 corresponde á ocupación de dominio público marítimo terrestre previsto na Lei 22/1988, de 28 de xullo, de costas, e no regulamento que a desenvolve aprobado por Real decreto 876/2014, de 10 de outubro, cuxa ocupación e explotación pode realizar o Concello a través de terceiros e polo procedemento legalmente establecido (artigos 26, 53 da Lei 22/1988, de 28 de xullo, e 110, 113 do Rd 876/2014, de 10 de outubro).

A do quioscos 1 corresponde á ocupación de dominio público municipal, na zona de servidume de tránsito da Lei de Costas (suxeito a autorización sectorial do Servizo

Provincial de Costas), cuxo outorgamento debe acomodarse ó previsto na lexislación de réxime local sobre bens, Lei 33/2003, de 3 de novembro, de patrimonio das Administracións Públicas (LPAP), (artigo 26 da Lei 22/1988, de 28 de xullo, e 86.2., 92 e 96 da LPAP).

12.- Resulta necesaria a tramitación urxente do expediente xa que no período estival as praias teñen unha gran afluencia, resultando necesario que estean en funcionamento os servizos hixiénico-sanitarios de uso públicos que levan asociados ditos quioscos ou que colaboran na limpeza dos de titularidade pública. A necesidade de autorizacións sectoriais do Servizo Provincial de Costas de Pontevedra do MAPAMA e da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio que establece condicións que deben cumprir os adxudicatarios, así como resultar desertos os procedemento aberto para adxudicación dos lotes correspondentes a estes dous quioscos, imposibilitou ter adxudicado as autorizados destes quioscos con anterioridade.

Así mesmo, co obxecto de axilizar este procedemento tendo en consideración que o criterio de adxudicación e totalmente obxectivo, o licitador que ofrezca o canon máis alto, considerase procedente propoñer á Xunta de Goberno Local coa aprobación do prego “que a mesa de contratación non interveña neste procedemento, ao ser potestativa a súa constitución segundo o artigo 320.1 do TRLCSP.”

13.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, tralo preceptivo informe da Intervención Xeral, PROPONSE á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Declara-la urxencia na tramitación do expediente 12743/306 para adxudicación das autorizacións do quiosco 1 Areal da Punta na Guía e quiosco 10 no areal do Vao de ocupación, instalación e explotación de servizos de temporada: quioscos nas praias do concello de Vigo durante a tempada estival do ano 2017, co posibilidade de prórroga para o ano 2018.

2º.- Aproba-lo prego de cláusulas administrativas para a ocupación, instalación, e explotación de servizos de temporada nas praias: quiosco 1 areal da Punta na Guía e quiosco 10 areal do Vao, asinado dixitalmente o 21 de xullo de 2017.

3º.- Dispoñer a apertura do procedemento de licitación polo procedemento negociado con publicidade no perfil do contratante e trámite urxente conforme ó establecido na lexislación de aplicación

4º.- Dispoñer que a mesa de contratación non interveña neste procedemento, ao ser potestativa a súa constitución segundo o artigo 320.1 do TRLCSP.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(817).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO RECÁLCULO DAS ANUALIDADES CORRESPONDENTES Á AMPLIACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZO DE CONSERVACIÓN E REPOSICIÓN DE ZONAS VERDES. EXPTE. 9151/446.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 2/08/17, asinado polo xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, o xefe do Servizo Xurídico dos Servizos Xerais, o concelleiro delegado do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, e fiscalizado de conformidade pola interventora xeral adxunta, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ó TRLCSP.
- Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPA).
- Real Decreto - Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, de 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA).
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto do servizo de conservación e reposición das zonas verdes na cidade de Vigo (PCAP).
- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto do servizo de conservación e reposición das zonas verdes na cidade de Vigo (PPT).

ANTECEDENTES:

1.- En data 8 de xullo de 2016, a Xunta de Goberno Local acordou adxudicar a VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A., o contrato maior para a prestación do servizo de conservación e reposición das zonas verdes da cidade de Vigo, por un prezo de 17.237.394, 62 €. Acordo que foi notificado aos licitadores nesa mesma data.

En data 2 de decembro de 2016, formalizouse o contrato e comezou a súa execución en data 16 de decembro de 2016.

2.- En data 13 de xaneiro de 2017, o enxeñeiro municipal do servizo de Montes, Parques e Xardíns, informa da necesidade de proceder á modificación do contrato de servizo de conservación e reposición das zonas verdes da cidade de Vigo, por causa da incorporación de novas zonas e modificación das superficies das existentes.

3.- A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do **20 de xaneiro de 2017**, adoptou o seguinte acordo:

“1º.- Iniciar procedemento para a modificación do contrato de servizo de conservación e reposición de zonas verdes da cidade de Vigo. As modificacións están reflectidas no informe do enxeñeiro municipal de data 13 de xaneiro de 2017, que se reproduce no fundamento xurídico segundo do presente informe con excepción das táboas que detallan as zonas afectadas.

2º.- A modificación representa un 5,19 % do prezo primitivo do contrato, se ben so abonarase o contratista 0,19% da mesma, segundo o disposto no apartado 16.E da FEC do prego de cláusulas administrativas particulares.

3º.- Evacuar trámite de audiencia do presente acordo ó contratista, por prazo de dez días, para que formule as alegacións que o seu dereito conveñan”.

4.- A Xunta de Goberno Local, na sesión **extraordinaria e urxente do 28 de febreiro de 2017**, adoptou o seguinte acordo:

“1º.- Modificar o contrato de servizo de conservación e reposición de zonas verdes da cidade de Vigo nos termos reflectidos no informe do enxeñeiro municipal de data 13 de xaneiro de 2017. A modificación representa un 5,08 % do prezo primitivo do contrato, se ben so abonarase ao contratista o 0,08% da mesma, segundo o disposto no apartado 16.E da FEC do prego de cláusulas administrativas particulares.

2º.- Autorizar o gasto correspondente á modificación consonte ao seguinte cadro:

Ano de aplicación	Período	Importe	% adxudicación do prezo do contrato
Ano 2017	Do 1 de marzo a 31 de decembro	3.087,19 €	0,0179
Ano 2018	Do 1 de xaneiro a 31 de decembro	3.704,64 €	0,0214
Año 2019	Do 1 de xaneiro a 31 de decembro	3.704,64 €	0,0214
Año 2020	Do 1 de xaneiro a 15de decembro	3.550,27 €	0,0205
Total		14.046,75 €	0,0812

Este gasto imputarase a aplicación presupostaria 1710-2279901.

3º.- Reaxustar a garantía definitiva con carácter previo á formalización do contrato.

4º.- Formalizar por escrito a presente modificación, incorporando o informe técnico do enxeñeiro municipal de data 13 de xaneiro de 2017, e os seus anexos que delimitan o seu alcance”.

5.- En data 15 de marzo de 2017, formalizouse a modificación do contrato. O inicio da prestación da modificación entrou en vigor o día 16 de marzo de 2017.

6.- En data 18 de abril de 2017, o xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns emite informe co seguinte teor literal:

“Como resultado da tramitación administrativa do expediente 9151/446 e dado que a sinatura do contrato produciuse en data 15 de marzo de 2017, o inicio da prestación comezou o 16 de marzo de 2017, en vez de o 1 de marzo de 2017 previsto inicialmente. O que produce cambios nos importes a pagar nos meses de contrato e na súa porcentaxe de modificación.

A modificación representa ó 5,0255% do prezo primitivo do contrato, o que significa que se aboara ó contratista o 0,0255% do mesmo, dado que o 5% restante está exento, o que supón un importe anual de 1.179,06 €.

Os importes económicos imputables durante os 45 meses que restarían de contrato considerando o inicio da ampliación o 16 de marzo de 2017.

Ano de aplicación	Período	Importe	% adxudicación do prezo do contrato
Ano 2017	Do 16 de marzo a 31 de decembro	933,43 €	0,0054
Ano 2018	Do 1 de xaneiro a 31 de decembro	1.179,06 €	0,0068
Año 2019	Do 1 de xaneiro a 31 de decembro	1.179,06 €	0,0068
Año 2020	Do 1 de xaneiro a 15de decembro	1.129,94 €	0,0065
Total		4.421,49 €	0,0255

Este importe anual pódese cargar a partida 1710-2279901.”

7.- En data 26 de xullo de 2017, a Intervención xeral municipal informa que: “(...) Visto o informe complementario, resulta necesario que o órgano competente para a aprobación da ampliación do contrato, aprobe o recálculo das anualidades indicadas no informe complementario do servizo (...)”

8.- Trátase dun mero recálculo das anualidades do gasto correspondente á modificación aprobada, en función da data do efectivo inicio dos efectos da modificación, para cuxa aprobación é competente a Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP) e artigo 127.1.g da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, previo informe da Intervención municipal.

Polo exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO;

Aprobar o recálculo das anualidades indicadas no informe complementario do servizo, de data 18 de abril de 2017, conforme ao cadro que segue:

Ano de aplicación	Período	Importe	% adxudicación do prezo do contrato
Ano 2017	Do 16 de marzo a 31 de decembro	933,43 €	0,0054
Ano 2018	Do 1 de xaneiro a 31 de decembro	1.179,06 €	0,0068
Año 2019	Do 1 de xaneiro a 31 de decembro	1.179,06 €	0,0068
Año 2020	Do 1 de xaneiro a 15de decembro	1.129,94 €	0,0065
Total		4.421,49 €	0,0255

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(818).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS, DE SEIS OFICIAIS PAVIMENTADORES/AS PARA O TALLER DE VÍAS E OBRAS, POR UN PRAZO DE SEIS MESES. EXPTE. 29814/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 3/08/17, dáse conta do informe-proposta de data 2/08/17, asinado polo técnico de organización e planificación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Con data 2 de decembro de 2016, o Xefe da Unidade de Mantemento de Viais Municipais xunto co Enxeñeiro Xefe de Vías e Obras e coa conformidade do Concelleiro-Delegado da Área de Fomento, Limpeza e Contratación, solicitan o nomeamento interino de seis Oficiais Pavimentadores/as, para as operacións de bacheo e asfaltado dos viais no municipio e poder así garantir o normal desenvolvemento dos traballos a realizar que garantan o correcto mantemento dos viais públicos do termo municipal.

En resposta a dita petición, o concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal, mediante instrución de servizo de data 11 de abril de 2017, solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder a maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas á Xunta de Goberno Local de seis oficiais pavimentadores/as por acumulación de tarefas previsto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Vías e Obras, nos termos da solicitude dos técnicos adscritos ao referido Servizo.

En cumprimento do ordenado, con data 01/08/2017, polo técnico que subscribe, formúlase a proposta de gasto e o correspondente informe técnico-económico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase

mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto Cód. 243-Oficial Pavimentador/a), adscritos, entre outros, ao Servizo de Vías e Obras, cód. 442, da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantitativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase de luns a venres, en xornada continuada de mañá ou tarde, segundo as necesidades do Servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

II. Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito de petición tanto do Xefe da Unidade de Mantemento de Vías e Obras como do Enxeñeiro xefe de Vías e Obras, coa conformidade do Concelleiro-delegado da referida Área, así como na instrución de servizo do concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal de 11/04/2017 e no informe do funcionario informante, resulta acreditada a urxencia dos nomeamentos propostos, resultando acreditado que o presente é un dos casos

excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das que figuran nas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas na Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017 e, de igual xeito na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220 a propósito da clarificación das competencias das Entidades Locais distintas das propias e das atribuídas por delegación.

Trátase polo tanto dun servizo público esencial, xa que a prestación do servizo de mantemento, conservación, reparación e pavimentación dos vias municipais, é competencia e responsabilidade do Concello, segundo se recolle na Lei Reguladora das Bases de Réxime Local (artigos 26 e 25, parágrafo 2, letra d), polo que este debe asumir a xestión e execución das competencias e funcións que a lexislación vixente recoñece ás corporacións locais como responsabilidade de obrigado cumprimento neste ámbito de actuación, polo que infórmanse favorablemente aos devanditos nomeamentos, tendo en conta a minoración que supón nos créditos correspondentes a postos vacantes, o que se fai constar, segundo o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas nas anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, a propósito da clarificación das competencias das Entidades Locais distintas das propias e das atribuídas por delegación.

III. Proposta de gasto:

Os nomeamentos interinos propostos por un período máximo de seis meses, de seis oficiais pavimentadores/as para o Servizo de Vías e Obras, supón un gasto de 67.363,92 €, dos que 56.136,60 € se corresponden ao presente exercicio (5 meses) e, 11.227,32 € ao vindeiro ano 2018 (1 mes), ao que haberá que engadirse a cantidade de 25.463,52,€ en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa, polo que este importe minguará necesariamente os importes das modificacións propostas, debendo percibir o soldo correspondente ó corpo ó que pertenza a vacante (posto Cód. 243-Oficial Pavimentador/a), da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

A xornada laboral dos traballadores nomeados desenvolverase preferentemente de luns a venres, en horario de mañá ou tarde, segundo ás necesidades do Servizo que garantan ós seus períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 do vixente orzamento para o presente ano 2017.

IV. Verificación das listas de reserva:

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 18 de decembro de 2015 aprobou uns **novos criterios de xestión das listas de reserva** derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do Concello de Vigo (expte. 26797/220), modificados puntualmente en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento das listas, mediante acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 3 de febreiro de 2016 (expte 27642/220), establecendo un réxime transitorio co seguinte tenor literal: “VII.- RÉXIME TRANSITORIO.- En canto á limitación temporal de 3 anos de vixencia das listas, o presente acordo terá efectos naquelas listas de reserva derivadas de procesos de selección de persoal que se realicen con posterioridade á data de adopción do mesmo, quedando as listas preexistentes suxeitas a un límite temporal de 3 anos como máximo”, a contar dende a data de adopción do referido acordo. Ditas normas foron modificadas novamente segundo acordo coa Comisión de Seguimento das listas, mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/07/2016, expte. 28442/220 en canto a número mínimo de temas por grupos de función e no que respecta aos membros/as da Comisión de Seguimento da utilización de listas.

Segundo consta no informe técnico-económico que obra no expediente, no intre da instrución do expediente polo concelleiro del egado da Área de Xestión Municipal e Persoal, a lista de oficiais pavimentadores/as derivada da execución da Oferta de Emprego correspondente ao ano 2008 atópase esgotada, ben porque os/as aspirantes que aínda permanecen na lista atópanse prestando servizos neste Concello ou non cumpren o período mínimo de seis meses dende o remate do seu último nomeamento neste Concello tal e como establece o art. 10.1.d) do do Real Decreto Lexislativo 5/2005, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), polo que procede recorrer á lista resultante da Bolsa de Emprego de oficiais pavimentadores formada por acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de 15/03/2016 derivada do proceso selectivo autorizado polo mesmo Órgano na súa sesión de 13/03/2016, expte. 26288/220.

Segundo estritamente a orde da Bolsa de Emprego a que se refire o parágrafo anterior, e consultados os datos que obran nesta Área, corresponde o nomeamento como oficiais pavimentadores/as por acumulación de tarefas, dos aspirantes da lista a que se refire o anterior parágrafo, núms., **14. D. ÁNGEL ABALDE COSTA, DNI *****096-L, 20. D^a OLGA MONTSERRAT CERDEIRA OCHOGAVÍA, DNI *****347-C, 22. D. RAÚL GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, DNI *****377-K e 27. D. FRANCISCO MORILLO PEREDA, DNI *****127-H,** , que aceptaron expresamente o mesmo e acreditaron nesta Área de Recursos Humanos e Formación todas e cada un dos requisitos e demais condicións para o desempeño da praza.

Consultados os datos que constan no programa informático de xestión de persoal, compróbase que os catro aspirantes citados están en condicións de ser nomeados. Os Sr. Abalde Costa rematou o seu último nomeamento interino como Axudante de oficios o 08/07/2017, pero pode ser novamente nomeado como oficial pavimentador, toda vez que se trata doutra categoría e subgrupo de titulación. A Sra. Cerdeira Ochogavía non prestou servizos nesta Administración polo que pode ser nomeada. O Sr. González Fernández rematou o seu último nomeamento interino como axudante de oficios o 11/01/2017, mais tratáse dunha nova categoría profesional e distinto subgrupo de titulación. O Sr. Morillo Pereda rematou o seu último nomeamento como axudante de oficios o 31/07/2017, pero pode ser novamente nomeado como oficial pavimentador, toda vez que se trata doutra categoría e subgrupo de titulación.

Co obxecto de completar o expediente para a formación do equipo de pavimentadores/as e seguindo estritamente a orde da lista procedente da Oferta de Emprego Público 2008, citada

en parágrafos anteriores e consultados os datos que obran nesta Área, con data 20 de xuño de 2017 corresponde o nomeamento como oficial pavimentadora á aspirante núm. **3- D^a. M^a. DEL CARMEN TOBÍO VILLAR, DNI *****774-A**, que aceptou expresamente o mesmo e acreditou nesta Área de Recursos Humanos e Formación, os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto. Consultados os datos que constan no programa de xestión municipal, a aspirante, Sra. Tobío Villar foi nomeada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 10/06/2016 expte. 27986/220, tomando posesión en data 20/06/2016 e rematando en data 19/12/2016, polo que dende o 20/06/2017, está en condicións de ser novamente nomeada.

Así mesmo, co obxecto de completar o equipo de oficiais pavimentadores e non existindo máis candidatos na anterior lista, recórrese a Bolsa de Emprego citada anteriormente e consultados os datos que obran nesta Área, corresponde o nomeamento como oficial pavimentador por acumulación de tarefas, do aspirante da dita lista núm., **4. D. JESÚS VELOSO COSTAS, DNI *****100-W**, que aceptou expresamente o mesmo e acreditou nesta Área de Recursos Humanos e Formación, os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto. O Sr. Veloso Costas rematou o seu último nomeamento interino como Axudante de oficios o 08/07/2017, e o seu último nomeamento como oficial pavimentador o 19/12/2016, polo que dende o 20/06/2017, está en condicións de ser novamente nomeado.

V. Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 19/06/2015 e 30/06/2016, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento de seis funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como **Oficiais Pavimentadores/as**, subgrupo C2 de Titulación, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Vías e Obras e, en consecuencia, autorizar o gasto de **67.363,92 €**, dos que **56.136,60 € se corresponden ao presente exercicio (5 meses) e, 11.227,32 € ao vindeiro ano 2018 (1 mes)**, xunto cos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

SEGUNDO: Nomear funcionarios interinos por acumulación de tarefas como **Oficiais Pavimentadores/as**, por un período máximo de seis meses, á, **D. ÁNGEL ABALDE COSTA, DNI *****096-L, D^a OLGA MONTSERRAT CERDEIRA OCHOGAVÍA, DNI *****347-C, D. RAÚL GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, DNI *****377-K, D. FRANCISCO MORILLO PEREDA, DNI *****127-H, D^a. M^a. DEL CARMEN TOBÍO VILLAR, DNI *****774-A e D. JESÚS VELOSO COSTAS, DNI *****100-W** na súa condición de seguintes aspirantes na lista de

oficiais pavimentadores/as resultante da Bolsa de Emprego de oficiais pavimentadores/as formada por acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de 15/03/2016 derivada do proceso selectivo autorizado polo mesmo Órgano na súa sesión de 13/03/2016, expte. 26288/220 e no disposto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público ou ben da lista de reserva resultante da execución da Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2008, estando suxeito o dito vínculo ao réxime funcional (relación de servizo de carácter temporal, suxeita ao Dereito Administrativo).

TERCEIRO: Dispoñer que os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 243-Oficial Pavimentadores/as, sendo adscritos ao Servizo de Vías e Obras (cód. 442), sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poidan desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral dos funcionarios interinos nomeados desenvolverase de luns a venres, en xornada continuada de mañá ou tarde, segundo as necesidades do referido Servizo que garantan os seus períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo aos aspirantes nomeados, ao Xefe do Servizo de Vías e Obras, á Intervención Xeral, a Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(819).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS, DUN/DUNHA OFICIAL SEPULTUREIRO/A PARA O SERVIZO DE CEMITERIOS, POR UN PRAZO DE SEIS MESES EXPTE. 30205/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 3/08/17, dáse conta do informe-proposta de data 2/08/17, asinado polo técnico de organización e planificación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos

Humanos e Formación e o concelleiro de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Con data 23 de marzo de 2017, o Xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, coa conformidade da Concelleira-Delegada da Área de Medio Ambiente e Vida Saudable, solicita o nomeamento urxente por acumulación de tarefas dun mínimo de dous/dúas oficiais sepultureiros/as, xa que so se dispón de persoal fixo en tres dos oito cemiterios municipais, pola escaseza de RR.HH existentes no Servizo para cubrir os servizos nos oito cemiterios municipais, debido o aumento das cremacións, que deu lugar a un incremento importante das exhumacións, agravado polas baixas de enfermidade coas que conta na actualidade, as horas de representación sindical de tres oficiais do Servizo e, a minoración dunha praza que se adscribiu a outro servizo municipal consecuencia da adaptación de funcións en aplicación da Lei de Prevención de Riscos laborais.

En resposta a dita petición, o concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal, mediante instrución de servizo de data 14 de xuño de 2017, solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder a maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas á Xunta de Goberno Local dun oficial sepultureiro por acumulación de tarefas, previsto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Cemiterios, nos termos da solicitude do seu Xefe de Servizo do 23 de marzo anterior.

En cumprimento do ordenado, con data 02/08/2017, polo técnico que subscribe, formúlase a proposta de gasto e o correspondente informe técnico-económico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer. En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto Cód. 205-Oficial Sepultureiro/a), adscrito ao Servizo de Cemiterios, cód. 303, da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada laboral do/a traballador/a, unha vez tomada posesión, desenvolverase de luns a domingo, en xornada partida de mañá e tarde -08,45 a 13,00 e de 15,15 a 18,30 horas-, en calquera dos oito cemiterios municipais, segundo as necesidades do Servizo que garantan ós seus períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

II. Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito de petición do técnico responsable do servizo, así como na instrución de servizo do concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal de 14/06/2017 e no informe do funcionario informante, resulta acreditado que o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, dacordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017 e, de igual

xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas nas anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220 a propósito da clarificación das competencias das Entidades Locais distintas das propias e das atribuídas por delegación, considerándose a prestación dos Servizos de Cemiterios e actividades funerarias como servizo público esencial, obrigatorio e prioritario, sendo unha das competencias propias das recollidas no art. 25.2.k) e 26.1. da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro.

III. Proposta de gasto:

O nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses, dun/dunha oficial sepultureiro/a para o Servizo de Cemiterios, supón un gasto de de **11.384,34€**, dos que **9.486,95€** se corresponden ao presente exercicio (5 meses) e, **1.897,39 €** ao vindeiro ano 2018 (1 mes), ao que haberá que engadirse a cantidade de 4.303,28€ en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa, debendo percibir o soldo correspondente ó corpo ó que pertencen a vacante (posto Cód. 205-Oficial Sepultureiro/a), da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

A xornada laboral do/a traballador/a, unha vez tomada posesión, desenvolverase de luns a domingo, en xornada partida de mañá e tarde -08,45 a 13,00 e de 15,15 a 18,30 horas-, en calquera dos oito cemiterios municipais, segundo as necesidades do Servizo que garantan ós seus períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de nomeamento persoal non permanente", prevista no vixente orzamento para o ano 2017, dentro do Capítulo I de gastos.

IV. Verificación das listas de reserva:

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 18 de decembro de 2015 aprobou uns **novos criterios de xestión das listas de reserva** derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do Concello de Vigo (expte. 26797/220), modificados puntualmente en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento das listas, mediante acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 3 de febreiro de 2016 (expte 27642/220), establecendo un réxime transitorio co seguinte tenor literal: "VII.- RÉXIME TRANSITORIO.- En canto á limitación temporal de 3 anos de vixencia das listas, o presente acordo terá efectos naquelas listas de reserva derivadas de procesos de selección de persoal que se realicen con posterioridade á data de adopción do mesmo, quedando as listas preexistentes suxeitas a un límite temporal de 3 anos como máximo", a contar dende a data de adopción do referido acordo. Ditas normas foron modificadas novamente segundo acordo coa Comisión de Seguimento das listas, mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/07/2016, expte. 28442/220 en

canto a número mínimo de temas por grupos de función e no que respecta aos membros/as da Comisión de Seguimento da utilización de listas.

Segundo consta no informe técnico-económico que obra no expediente, en execución da última oferta de emprego público deste Concello tiveron lugar as probas selectivas para a cobertura en réxime laboral fixo dun/dunha praza de Oficial sepultureiro/a, pola quenda libre, figurando na acta do tribunal de data 21 de outubro de 2011 a correspondente proposta de contratación, formalizando contrato laboral fixo con data 1 de febreiro de 2012, trala autorización da Xunta de Goberno Local de 13 de xaneiro anterior. Na referida proposta do Órgano de Selección, figura a relación dos seis aspirantes que a efectos do previsto no artigo 61.8 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, tendo superadas todas e cada unha das probas de que constou a oposición, e, de conformidade coas bases xerais da convocatoria pasen a formar parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados/as ou contratadas como persoal interino ou laboral.

Neste intre a referida lista atópase esgotada toda vez que os catro aspirantes que integran a lista na actualidade non están en condicións de ser novamente nomeados, ben por que aínda non cumpren o período mínimo de seis meses dende que finalizaron o último nomeamento por acumulación de tarefas como oficiais sepultureiros, tal e como establece o artigo 10.1.d) do referido R.D. Legislativo 5/2015 (TREBEP) ou, están prestando servizos neste Concello con outra categoría profesional.

Non existindo ningún candidato na lista anterior en condicións de ser nomeado e aos efectos de efectuar a proposta, procede recorrer a lista resultante da Bolsa de Emprego de oficiais sepultureiros/as formada por acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de 08/07/2016 derivada do proceso selectivo autorizado polo mesmo Órgano na súa sesión de 01/04/2016, expte. 27424/220.

Aos efectos de poder efectuar a proposta, seguindo estritamente a orde da Bolsa de Emprego a que se refire o parágrafo anterior, e consultados os datos que obran nesta Área, corresponde o nomeamento como oficial sepultureiro por acumulación de tarefas, do aspirante da lista a que se refire o anterior parágrafo, núms., 46-, **RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, GONZALO, DNI **.***.359-C**, que aceptou expresamente optar ao referido nomeamento interino por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

Consultados os datos que constan no programa informático de xestión de persoal, verifícase que o aspirante proposto Sr. Rodríguez Fernández, está en condicións de ser nomeado ao terse acreditado que rematou o seu derradeiro nomeamento como Axudante de Oficinos en data 25/03/2017, aínda que pode ser nomeado como oficial de oficinas (Subgrupo C2 de titulación) ao tratarse dun nomeamento correspondente a outra categoría profesional de distinto grupo de titulación de conformidade cos criterios de funcionamento das listas vixentes.

V. Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 19/06/2015 e 30/06/2016, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento dun/dunha funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas, como **Oficial Sepultureiro/a**, subgrupo C2 de Titulación, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Cemiterios e, en consecuencia, autorizar o gasto de **11.384,34 €**, dos que **9.486,95 € se corresponden ao presente exercicio (5 meses) e, 1.897,39 € ao vindeiro ano 2018 (1 mes)**, xunto cos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

SEGUNDO: Nomear funcionario interino por acumulación de tarefas como **Oficial Sepultureiro**, por un período máximo de seis meses, á, **D. GONZALO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, DNI *****359-C**, na súa condición de seguinte aspirante na lista de oficial sepultureiro/a resultante da Bolsa de Emprego de oficiais sepultureiros formada por acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de 08/07/2016 derivada do proceso selectivo autorizado polo mesmo Órgano na súa sesión de 01/04/2016, expte. 27424/220 e no disposto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público ou ben da lista de reserva resultante da execución da Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2008, estando suxeito o dito vínculo ao réxime funcional (relación de servizo de carácter temporal, suxeita ao Dereito Administrativo).

TERCEIRO: Dispoñer que o referido nomeamento farase de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 205-Oficial Sepultureiro/a, sendo adscrito ao Servizo de Cemiterios (cód. 303), sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poidan desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral do funcionario interino nomeado desenvolverase de luns a domingo, en xornada partida de mañá e tarde -08,45 a 13,00 e de 15,15 a 18,30 horas-, en calquera dos oito cemiterios municipais, segundo as necesidades do Servizo que garantan ós seus períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo ao aspirante nomeado, ao Xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, ao Encargado do Servizo de Cemiterios, á Intervención Xeral, a Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(820).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE SINALIZACIÓN HORIZONTAL E VERTICAL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 98714/210.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 27/07/17, e o informe de fiscalización de data 1/08/17, dáse conta do informe-proposta do 1/08/17, asinado polo enxeñeiro técnico industrial, o xefe da Área de Seguridade e Mobilidade, e o concelleiro delegado da Área que di o seguinte:

PRIMEIRO.- O concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade, mediante resolución de 15 de setembro de 2016 adoptou acordo de iniciación do expediente para a nova licitación do servizo de xestión da mobilidade de vehículos e personas mediante a sinalización viaria na cidade de Vigo (98714/210).

SEGUNDO.- En sesión extraordinaria e urxente de 12 de abril de 2017, a Xunta de Goberno Local aprobou o citado expediente ordenando a apertura da correspondente licitación pública.

TERCEIRO.- O 18 de maio de 2017 a mercantil HIEZ HORNIDURAK INSTALAZIOAK ETA ZERBITZUAK, S.A. interpuxo ante o Tribunal Central de Recursos Contractuais recurso especial en materia de contratación en relación co prego de cláusulas administrativas particulares, no que se acordou a suspensión da tramitación e que foi resolto en sentido favorable ao recurrente por Resolución do citado órgano número 588/2017, que implica no que aquí interesa a fixación dunha clasificación alternativa no apartado 6.A da folia de especificacións do contrato.

Da citada Resolución se da conta á Xunta de Goberno Local polo Servizo de Contratación, tomando aquela "razón" do fallo en acordo adoptado en sesión extraordinaria e urxente de 13 de xullo de 2017. E ordenando que polo citado servizo se continue a tramitación do expediente.

CUARTO.- Por escrito con rexistro de entrada no Concello número 170075896, de 29 de maio, D. Francisco José Méndez Paz, con D.N.I. 36.109.325 S en calidade de Delegado de Persoal da mercantil API MOBILIDADE S.A., quen prestou o servizo obxecto de nova licitación ao Concello ata o 28 de febreiro de 2017, con invocación dos feitos e fundamentos de

dereito que estimou oportunos termina solicitando que se inclúa nos pregos da licitación a subrogación do persoal que prestaba servizo na citada mercantil.

QUINTO.- Por dilixencia de 13 de xullo se lle deu audiencia á mercantil API MOBILIDADE S.A. en relación coa petición de inclusión da subrogación.

O citado trámite foi evacuado a modo de escrito de 19 de xullo con entrada no Rexistro Xeral de 24 de xullo (doc. 170105337), no que se rexeita a obrigatoriedade da subrogación convencional interesada por D. Francisco José Mendez Paz.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Na iniciación e tramitación do expediente se teñen observado os requisitos establecidos no art. 109 do Texto refundido da lei de contratos do sector público aprobado polo RDL 3/2011 (LCSP).

A competencia de iniciación ten fundamento no Acordo da Xunta de Goberno Local de 19 de xuño de 2015, sobre delegación de competencias nos concelleiros delegados.

Ao expediente incorpóranse:

Memoria xustificativa do contrato asinada o 01 de marzo de 2017 polo Enxeñeiro Técnico da Área e polo propio funcionario asinante desta proposta (art. 109.1 LCSP).

Prego de Prescricions Técnicas (art. 109.3 e concordantes da LCSP) asinada tamén o 01 de marzo de 2017 polo Enxeñeiro Técnico da Área e polo propio funcionario asinante desta proposta.

Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (art. 109.3, 120 e concordantes da LCSP) asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data de 27 de xullo de 2017.

Segundo.- No Prego de Cláusulas Administrativas Particulares non se contempla a subrogación do persoal, solicitada polo Delegado de Persoal da contrata saínte con fundamento convencional nos arts. 3 e 16 bis do Convenio Colectivo do Sector da Construcción (BOP de Pontevedra de 01 de marzo de 2017) en relación co art. 120 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e Cláusula 27.13 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

A non inclusión de dita cláusula responde a un criterio reiterado da doutrina xudicial sobre a non inclusión do servizo contratado no expediente 98714-210 na actividade económica contemplada no art. 16 bis do Convenio Colectivo Provincial do Sector da Construcción e no art. 27 e concordantes do V Convenio Xeral do Sector da Construcción que lle prestan fundamento ás previsións do provincial.

Así o pon de manifiesto a contrata saínte, que invoca as sentenzas favorables a dito planteamento ditadas pola Sala do Social do TSX de Andalucía, con sede en Málaga, nos recursos de suplicación tramitados cos números 76/2014 e 947/2014.

En idéntico sentido se pronunciou a Sentenza ditada pola Sala do Social do TSX de Madrid, no recurso de suplicación tramitado co número 5108/2009. Esta Sentenza foi confirmada en casación por Auto de inadmisión da Sala do Social do Tribunal Supremo, ditado no Recurso de Casación para a unificación de doutrina tramitado con número 398/2010.

En todo caso, a non inclusión da subrogación non estorba o correcto entendemento e alcance da Cláusula 27.13 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

Terceiro.- A interposición do recurso especial en materia de contratación ten demorado a resolución da licitación e conseguinte establecemento e posta en funcionamento do novo servizo, o que determina a imperiosa necesidade de declarar a urxencia do expediente por trátarse dun servizo público obrigatorio e estrictamente vinculado á seguridade viaria de prestación continuada as 24 horas do día todos os días do ano cuxa correcta atención resulta indispensable en termos de seguridade, fluidez e confortabilidade da mobilidade de vehículos e personas no termo municipal.

Cuarto.- Corresponde á Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación, a aprobación do expediente e conseguinte apertura do procedemento de adxudicación (art. 110, en relación coa D.A. 2ª, 3 e 7 da LCSP).

Quinto.- O expediente ten por obxecto un contrato de servizos suxeito a unha regulación harmonizada (arts. 10 e 16, Anexo II, todos da LCSP).

A codificación do obxecto contractual é:

CPC prov: 88680
CPV: 50232200-2

A licitación e adxudicación regularase polas normas do procedemento aberto, tramitación ordinaria.

E susceptible do recurso especial do art. 40 Texto Refundido da LCSP.

Sexto.- Na aplicación orzamentaria 13302279902 existe crédito adecuado e suficiente para atender o gasto derivado da tramitación, aprobación, licitación e adxudicación do contrato, por un importe máximo de 2.975.206,80 € (IVE excluído) para a enteira duración do mesmo prevista nos pregos.

Sétimo.- Consta asimesmo no expediente o informe xurídico previsto na D.A. 2ª apartado 7 da LCSP, asinado pola persona Titular da Asesoría Xurídica con data de 21 de marzo confirmado con data de 27 de xullo de 2017.

Oitavo.- O 07 de abril de 2017 a Intervención Xeral informa favorablemente o expediente (D.A. 2ª 7 LCSP) que deberá ser confirmado no seu caso.

En mérito de canto antecede o funcionario que subscribe ven en propoñer ao Concelleiro delegado de Seguridade e Mobilidade que eleve a Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de

ACORDO

1º.- Aprobado o expediente de contratación para a nova licitación servizo de xestión da mobilidade de vehículos e personas mediante a sinalización viaria na cidade de Vigo (98714/210), en réxime de contrato de servizos suxeito a regulación harmonizada, integrado polos seguintes documentos:

1.- Memoria xustificativa do contrato asinada o 01 de marzo de 2017 polo Enxeñeiro Técnico da Área e polo propio funcionario asinante desta proposta.

2.- Prego de Prescricions Técnicas (art. 109.3 e concordantes da LCSP) asinada tamén o 01 de marzo de 2017 polo Enxeñeiro Técnico da Área e polo propio funcionario asinante desta proposta.

3.- Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (art. 109.3, art. 120 e concordantes) asinado pola Xefa do Servizo de Contratación, de 27 de xullo de 2017.

4.- Informe xurídico previsto na D.A. 2ª apartado 7 da LCSP, asinado pola persona Titular da Asesoría Xurídica con data de 21 de marzo confirmado con data de 27 de xullo de 2017.

2º.- Autorizar o gasto necesario para a aprobación do expediente, licitación e conseguinte adxudicación do contrato con cargo á aplicación orzamentaria 13302279902, por un importe máximo de 2.975.206,80 € (IVE excluído) para a enteira duración do mesmo e segundo o seguinte desglose por anualidades prevista expresamente nos pregos que se aproban (IVE incluído):

ANO 2017: 350.000 €

ANO 2018: 600.000 €

ANO 2019: 600.000 €

ANO 2020: 600.000 €

ANO 2021: 250.000 €

3º.- Declarar a urxencia na tramitación do expediente cos efectos previstos no art. 112 e concordantes do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, por razón da demora derivada da interposición do recurso especial en materia de contratación resultando indispensable a axilización da licitación, adxudicación e posta en funcionamento do novo servizo por imperiosas necesidades de seguridade viaria.

4º.- Dispoñer, en consecuencia, a apertura do período de licitación polas normas do procedemento aberto, con tramitación urxente e suxeito ao recurso especial en materia de contratación previsto no art. 40 LCSP.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Isaura Abelairas Rodríguez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez